procedemento de licitación, sen crédito orzamentario e sen acto formal de adxudicación.

de procedimiento de licitación, sin crédito presupuestario y sin acto formal de adjudicación.

Ás once horas e corenta e tres minutos entra no Salón de Sesións a señora Díaz Vázquez.

A las once horas y cuarenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Díaz Vázquez.

Saben cando caducou o contrato de servizos complementarios da programación cultural que daba cobertura legal ó gasto obxecto deste expediente? En 2019. Desde entón, o servizo continuou prestándose pola mesma empresa sen observar ningún dos procedementos de contratación legalmente establecidos, e hoxe, en 2026, traen facturas por gastos realizados en 2025, despois de seis anos sen licitar o novo contrato.

¿Saben cuándo caducó el contrato de servicios complementarios de la programación cultural que daba cobertura legal al gasto objeto de este expediente? En 2019. Desde entonces, el servicio continuó prestándose por la misma empresa sin observar ninguno de los procedimientos de contratación legalmente establecidos, y hoy, en 2026, traen facturas por gastos realizados en 2025, después de seis años sin licitar el nuevo contrato.

Non lle dean á cabeza asentindo, señores do BNG, se isto é cousa súa tamén, se son absolutamente responsables desta desfeita, unha mostra máis da ilegalidade estrutural na que vive este goberno, en palabras literais da Intervención Municipal, e que hoxe vostedes volven branquear, volven tragar. Como non van branquear 46.000 € se xa branquearon 1.000.000 € do Womex, 4.000.000 € das festas do 23? Que son unhas facturiñas irregulares comparadas co pelotazo do Parque do Agra que acaban de branquear? Como antes tragaron cos pelotazos das Xubias e en Oza. Vaia papeleta, señora Veira, por usar as palabras vertidas desde as súas propias filas. E van pedir explicación e resultarían cribles se non pedisen explicacións unha vez ao mes, cada vez que hai pleno.

No le den a la cabeza asintiendo, señores del BNG, si esto es cosa suya también, si son absolutamente responsables de esta desfeita, una muestra más de la ilegalidad estructural en la que vive este gobierno, en palabras literales de la Intervención Municipal, y que hoy ustedes vuelven a blanquear, vuelven a tragar. ¿Cómo no van a blanquear 46.000 € si ya blanquearon 1.000.000 € del Womex, 4.000.000 € de las fiestas del 23? ¿Qué son unas facturillas irregulares comparadas con el pelotazo del Parque del Agra que acaban de blanquear? Como antes tragaron con los pelotazos de As Xubias y en Oza. Vaya papelón, señora Veira, por usar las palabras vertidas desde sus propias filas. Y van a pedir explicación y resultarían creíbles si no pidieran explicaciones una vez al mes, cada vez que hay pleno.

Pero nunha especie de xustiza poética, a peor xestión da contratación da historia da cidade, quizá lle poida poñer fin á peor xestión económica da historia da cidade, paradoxos do destino. O caos económico que ten tecnicamente crebado

Pero en una especie de justicia poética, la peor gestión de la contratación de la historia de la ciudad, quizá le pueda poner fin a la peor gestión económica de la historia de la ciudad, paradojas del destino. El caos económico que tiene técnicamente

ao Concello, pode poñer fin ao caos que reina na súa contratación porque, señores do Goberno, con cargo a que remanente de tesourería van financiar de agora en diante estes desaguisados no Concello cando pecharon 2025 cun remanente negativo de 9 millóns e medio de euros? Como van facer fronte ó pago dese 1.400.000 € de facturas pendentes do ano pasado que reflicte o interventor no seu informe de estabilidade? van facelo con baixas de partidas orzamentarias ás que xa van ter que recortar 12 millóns para axustar o déficit? Se isto é moi doado, de Barrio Sésamo, como ás veces escoitamos dicirlle ó portavoz municipal, de Barrio Sésamo. Hai déficit porque se gasta máis do que se ingresa, miren se é sinxelo.

quebrado al Concello, puede poner fin al caos que reina en su contratación porque, señores del Gobierno, ¿con cargo a qué remanente de tesorería van a financiar de ahora en adelante estos desaguisados en el Concello cuando han cerrado 2025 con un remanente negativo de 9 millones y medio de euros? ¿Cómo van a hacer frente al pago de ese 1.400.000 € de facturas pendientes del año pasado que refleja el interventor en su informe de estabilidad? ¿van a hacerlo con bajas de partidas presupuestarias a las que ya van a tener que recortar 12 millones para ajustar el déficit? Si esto es muy fácil, de Barrio Sésamo, como a veces escuchamos decirle al portavoz municipal, de Barrio Sésamo. Hay déficit porque se gasta más de lo que se ingresa, miren si es sencillo.

Que van facer? van subir aínda máis os impostos aos coruñeses? **(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. *Van seguir recortando en benestar social para reducir o gasto? En publicidade xa sabemos que non van recortar. Pregúntollo directamente: van deixar aínda a máis nenos con dereito a tela sen a súa bolsa comedor? é o que van facer?*

¿Qué van a hacer? ¿van a subir aún más los impuestos a los coruñeses? ***(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***. ¿Van a seguir recortando en bienestar social para reducir el gasto? En publicidad ya sabemos que no van a recortar. Se lo pregunto directamente: ¿van a dejar aún a más niños con derecho a tenerla sin su beca comedor? ¿es lo que van a hacer?

Finalizo. Incumpren vostedes absolutamente todo, todo o que poden incumprir e unha vez máis non haberá responsables coa complicidade do BNG. O que si haberá serán recortes no orzamento e nos investimentos, e temos que escoitar ó responsable económico, ó señor Lage, dicir que o **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** *Concello goza de boa saúde financeira. Por sorte, o Señor non levou a vostede polos camiños da medicina.*

Finalizo. Incumplen ustedes absolutamente todo, todo lo que pueden incumplir y una vez más no habrá responsables con la complicidad del BNG. Lo que sí habrá serán recortes en el presupuesto y en las inversiones, y tenemos que escuchar al responsable económico, al señor Lage, decir que el ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** Concello goza de buena salud financiera. Por suerte, el Señor no llevó a usted por los caminos de la medicina.

A pregunta é clara: en que gastaron vostedes o diñeiro de todos os coruñeses? A peor xestión económica da cidade.

La pregunta es clara: ¿en qué han gastado ustedes el dinero de todos los coruñeses? La peor gestión económica de la ciudad.

Señora Rey, non se esqueza de engadir este logro no seu balance dos 2.500 días. Nada máis e moitas grazas.

Señora Rey, no se olvide de añadir este logro en su balance de los 2.500 días. Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez. Turno de peche para o señor Castro.

Muchas gracias, señor Rodríguez. Turno de cierre para el señor Castro.

Señor Castro Prado

Señor Castro Prado

Bueno, non vou a explicar, efectivamente, a legalidade dun procedemento como o recoñecemento extraxudicial de crédito ó que, por certo, tamén acudiu o Partido Popular cando gobernaba nesta cidade e tamén o Bloque Nacionalista Galego cando compartiu tamén tarefas de goberno na nosa cidade, por cifras, ademais, millonarias.

Bueno, no voy a explicar, efectivamente, la legalidad de un procedimiento como el reconocimiento extrajudicial de crédito al que, por cierto, también acudió el Partido Popular cuando gobernaba en esta ciudad y también el Bloque Nacionalista Galego cuando compartió también tareas de gobierno en nuestra ciudad, por cifras, además, millonarias.

En calquera caso, si quero facer unha mención e ademais unha mención se cadra de carácter interno, cara ó propio, digamos, equipo de Cultura e nomeadamente ó servizo de administración do IMCE e á Dirección do IMCE. Por certo, primeira vez que existe unha dirección no IMCE, primeira vez na súa historia, creo que é algo a poñer en valor, do compromiso deste goberno por que as cousas, primeiro, se fagan ben, se fagan con criterio e con solvencia de carácter técnico e profesional. O traballo da administración e da Dirección do IMCE que está, efectivamente, pois ordenando, non? ó ritmo que se pode porque a carga de traballo é moi elevada, non? nunca houbo tanta actividade cultural na nosa cidade e por conseguinte nunca houbo tanta necesidade de tramitación de expedientes administrativos e de contratación por parte do organismo autónomo que se ocupa en esencial da maioría da programación cultural da nosa cidade.

En cualquier caso, sí quiero hacer una mención y además una mención quizá de carácter interno, hacia el propio, digamos, equipo de Cultura y especialmente al servicio de administración del IMCE y a la Dirección del IMCE. Por cierto, primera vez que existe una dirección en el IMCE, primera vez en su historia, creo que es algo a poner en valor, del compromiso de este gobierno por que las cosas, primero, se hagan bien, se hagan con criterio y con solvencia de carácter técnico y profesional. El trabajo de la administración y de la Dirección del IMCE que está, efectivamente, pues ordenando, ¿no? al ritmo que se puede porque la carga de trabajo es muy elevada, ¿no? nunca hubo tanta actividad cultural en nuestra ciudad y por consiguiente nunca hubo tanta necesidad de tramitación de expedientes administrativos y de contratación por parte del organismo autónomo que se ocupa en esencial de la mayoría de la programación cultural de nuestra ciudad.

Si teño que decir, ademais, e recoñecer explicitamente que hai avances

Sí tengo que decir, además, y reconocer explícitamente que hay avances

significativos que non se recoñecerán, pero que están aí e que, efectivamente, como se adoita dicir, o dato mata o relato. Se vai adxudicar nos próximos días, pois o contrato que vai a dar cobertura ás necesidades de produción da totalidade dos eventos que dependen do organismo autónomo, do IMCE. Saben canto tempo hai que non estaba este servizo cun contrato en vigor? Pois moito, tanto que nunca existiu no IMCE un contrato adxudicado conforme á lei que dese cobertura á prestación dos servizos de produción, audiovisuais, de son, etcétera, etcétera, dos eventos, da totalidade dos eventos que realiza o IMCE. Nunca e nunca, efectivamente, tamén inclúe a todos aqueles que agora se rasgan as vestiduras, pero tiveron responsabilidades de goberno, nunca, e por primeira vez se vai adxudicar ese servizo por parte do Goberno da nosa alcaldesa. Creo que algo se está cambiando e algo se está a facer, efectivamente, partindo dunha situación que era, pois complexa e unha situación que, efectivamente, grazas, e reitero, ó traballo tanto da administración do IMCE como da súa directora se vai, pois producindo, se van producindo, efectivamente, avances moi importantes.

significativos que no se reconocerán, pero que están ahí y que, efectivamente, como se suele decir, el dato mata al relato. Se va a adjudicar en los próximos días, pues el contrato que va a dar cobertura a las necesidades de producción de la totalidad de los eventos que dependen del organismo autónomo, del IMCE. ¿Saben cuánto tiempo hace que no estaba este servicio con un contrato en vigor? Pues mucho, tanto que nunca existió en el IMCE un contrato adjudicado conforme a la ley que diese cobertura a la prestación de los servicios de producción, audiovisuales, de sonido, etcétera, etcétera, de los eventos, de la totalidad de los eventos que realiza el IMCE. Nunca y nunca, efectivamente, también incluye a todos aquellos que ahora se rasgan las vestiduras, pero tuvieron responsabilidades de gobierno, nunca, y por primera vez se va a adjudicar ese servicio por parte del Gobierno de nuestra alcaldesa. Creo que algo se está cambiando y algo se está haciendo, efectivamente, partiendo de una situación que era, pues compleja y una situación que, efectivamente, gracias, y reitero, al trabajo tanto de la administración del IMCE como de su directora se va, pues produciendo, se van produciendo, efectivamente, avances muy importantes.

E, efectivamente, este recoñecemento extraxudicial é algo que, bueno, forma parte, digamos, da xestión ordinaria e moitas veces, pois sabemos que servizos que se prestan fundamentalmente no último trimestre do ano acaban facturándose por parte das empresas, dos provedores, no seguinte exercizo e iso require, efectivamente, deste expediente por un importe de 46.000 € que se o poñemos en relación ó orzamento total do IMCE, estamos a falar, efectivamente, dunha porcentaxe absolutamente, bueno, ínfima. Creo que tamén fala, efectivamente, da orde na xestión, efectivamente, dos recursos do IMCE, como fala tamén a existencia, e iso é algo

Y, efectivamente, este reconocimiento extrajudicial es algo que, bueno, forma parte, digamos, de la gestión ordinaria y muchas veces, pues sabemos que servicios que se prestan fundamentalmente en el último trimestre del año acaban facturándose por parte de las empresas, de los proveedores, en el siguiente ejercicio y eso requiere, efectivamente, de este expediente por un importe de 46.000 € que si lo ponemos en relación al presupuesto total del IMCE, estamos hablando, efectivamente, de un porcentaje absolutamente, bueno, ínfimo. Creo que también habla, efectivamente, del orden en la gestión, efectivamente, de los recursos del IMCE, como habla también la

que non se producía desde hai tamén bastantes anos, a existencia dun remanente de tesourería para gastos xerais de máis d 600.000 € no IMCE. Son resultado da liquidación orzamentaria 2025 positivo, que creo que tamén debería de poñerse en valor e debería de contemplarse como un avance claro e decidido tamén **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** dunha xestión moito máis eficiente deste organismo autónomo.

*existencia, y eso es algo que no se producía desde hay también bastantes años, la existencia de un remanente de tesorería para gastos generales de más d 600.000 € en el IMCE. Son resultado de la liquidación presupuestaria 2025 positivo, que creo que también debería de ponerse en valor y debería de contemplarse como un avance claro y decidido también **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** de una gestión mucho más eficiente de este organismo autónomo.*

Presidencia

Ben, moitas grazas.

Procedemos á votación deste asunto número catro.

Presidencia

Bien, muchas gracias.

Procedemos a la votación de este asunto número cuatro.

Votación do asunto número catro

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número catro relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Votación del asunto número cuatro

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cuatro relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Grazas. Queda aprobado.

Presidencia

Gracias. Queda aprobado.

Acordo

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a proposta de modificación do Orzamento do IMCE de 2026 consistente na concesión dun suplemento de crédito na aplicación 334/227.90, por importe de 46.709,52 €, financiado con Remanente

Acuerdo

PRIMERO. Aprobar inicialmente la propuesta de modificación del Presupuesto del IMCE de 2026 consistente en la concesión de un suplemento de crédito en la aplicación 334/227.90, por importe de 46.709,52 €, financiado con Remanente

líquido de tesourería para gastos xerais (concepto 870 Remanente de Tesourería do Estado de Ingresos).

SEGUNDO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polas seguintes facturas, con cargo á aplicación 334/227.90 do estado de gastos, facendo constar que a eficacia do devandito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da concesión do suplemento de crédito antedito:

líquido de tesorería para gastos generales (concepto 870 Remanente de Tesorería del Estado de Ingresos).

SEGUNDO. Aprobar el expediente de reconocimiento extrajudicial de créditos por las siguientes facturas, con cargo a la aplicación 334/227.90 del estado de gastos, haciendo constar que la eficacia del dicho reconocimiento queda condicionada a la validez y eficacia de la concesión del suplemento de crédito antedicho:

Nº de Entrada	*Data*	*Nº Fra.*	*Importe Total*	*Terceiro*	*Concepto*
F/2026/50	*14/01/2026*	*9257615473*	*3.292,12*	*UNION TEMPORAL DE EMPRESAS ILUNION OUTSOURCING SA ILUNION LIMPIEZA Y MEDIO AMBIENTE SA U87713111*	*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS TEATRO ROSALIA DE CASTRO DO CICLO PRINCIPAL MES DE DECEMBRO DE 2025*
F/2026/53	*14/01/2026*	*9257615476*	*791,04*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS TEATRO COLON 20/12/2025 - "CONCIERTO XABIER DIAZ"*
F/2026/54	*14/01/2026*	*9257615471*	*707,69*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS FORUM METROPOLITANO CICLO SEN NUMERAR 2025 "BOA SORTE, MALA FAMA", 19/12/25*
F/2026/55	*14/01/2026*	*9257615477*	*625,18*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS TEATRO COLON - 21/12/2025 - "CONCIERTO NADAL"*
F/2026/56	*14/01/2026*	*9257615475*	*375,34*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS TEATRO COLON - 01, 23 Y 30/12/2025 - SERVIZOS PARA ROLDAS DE PRENSA*
F/2026/59	*14/01/2026*	*9257615470*	*1.748,76*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS FORUM METROPOLITANO FUNCIÓNS DO CICLO "TODO PUBLICO" NO MES DE DECEMEBRO DE 2025*
F/2026/60	*14/01/2026*	*9257615472*	*2.288,29*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS FORUM METROPOLITANO "FESTIVAL DE TITERES NADAL" MES DE DECEMBRO DE 2025*
F/2026/63	*14/01/2026*	*9257615482*	*600,73*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS AGORA 14/12/2025 - "BEBESCENA-CONCHAS"*
F/2026/64	*14/01/2026*	*9257615478*	*541,84*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS TEATRO COLON - 21/12/2025 - SERVICIOS PARA EVENTO "GRAN NOITE DE FOLCLORE"*
F/2026/66	*14/01/2026*	*9257615480*	*1.149,95*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS TEATRO COLON - 29/12/2025 - "ESFINTER"*
F/2026/67	*14/01/2026*	*9257615483*	*24.429,32*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EVENTOS VARIOS EN COLISEUM MES DE DECEMBRO DE 2025*
F/2026/68	*14/01/2026*	*9257615481*	*321,67*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS AGORA 20/12/2025 - "AGRA NO AGORA-DE NINGHURES "*
F/2026/69	*14/01/2026*	*9257615479*	*1.306,24*		*PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS TEATRO COLON DICIEMBRE/2025 COLON - 26/12/2025 - SERVICIOS PARA EVENTOS "CONCIERTO CARLOS NUÑEZ*

F/2026/259	*18/03/2026*	*1260165919*	*2.481,35*	*SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES EGDPI, G28029643*	*DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN DE ¨LOS LUNES AL SOL¨TEATRO ROSALIA CASTRO 12 Y 13/12/2025*
F/2026/266	*20/03/2026*	*2/2025*	*6.050,00*	*CORMORAN CINEMA, G70596184*	*CORMORÁN FILM FEST 2025. TEATRO COLÓN, 19/11/25*
TOTAL			***46.709,52***		

ASUNTO 5

69. Expte. CI1/2026/189
Aprobación da adhesión do Concello da Coruña á Asociación Internacional Culture Action Europe.

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 11 de maio de 2026, cos voto a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello da Coruña e de forma mediata do Servizo de Cultura e Memoria Histórica pertencente ao mesmo, como membro asociado de categoría 2 da Asociación Internacional Culture Action Europe.

Segundo.- Realizar a retención de crédito por un importe de 2.809,00 € en concepto de cota anual pola adhesión á Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo á aplicación 50.334.48918 do orzamento municipal en vigor.

Intervencións

Presidencia

ASUNTO 5

69. Expte. CI1/2026/189
Aprobación de la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la Asociación Internacional Culture Action Europe.

Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 11 de mayo de 2026, con los voto a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:

Primero.- Aprobar la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña y de forma mediata del Servicio de Cultura y Memoria Histórica perteneciente al mismo, como miembro asociado de categoría 2 de la Asociación Internacional Culture Action Europe.

Segundo.- Realizar la retención de crédito por un importe de 2.809,00 € en concepto de cuota anual por la adhesión a la Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo a la aplicación 50.334.48918 del presupuesto municipal en vigor.

Intervenciones

Presidencia

Asunto número cinco. Señor secretario.

Señor Secretario

Asunto número cinco, Aprobación da adhesión do Concello da Coruña á Asociación Internacional Culture Action Europe, que require tamén maioría absoluta lega.

Presidencia

Ben. Neste asunto tampouco haberá debate toda vez que xa foi debatido no pleno anterior e, polo tanto, o acordo que se trae é aprobar a adhesión do Concello a través do Servizo de Cultura e Memoria Histórica, como membro asociado de Categoría 2, á Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo á aplicación orzamentaria en vigor que vén referida e facultar á alcaldesa ou persoa en quen delegue para ser membro corporativo desta asociación.

Polo tanto, procedemos directamente á votación deste punto.

Votación do asunto número cinco

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo municipal do Partido Popular (12 abstencións)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobado.

Asunto número cinco. Señor secretario.

Señor Secretario

Asunto número cinco, Aprobación de la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la Asociación Internacional Culture Action Europe, que requiere también mayoría absoluta lega.

Presidencia

Bien. En este asunto tampoco habrá debate toda vez que ya fue debatido en el pleno anterior y, por lo tanto, el acuerdo que se trae es aprobar la adhesión del Ayuntamiento a través del Servicio de Cultura y Memoria Histórica, como miembro asociado de Categoría 2, a la Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo a la aplicación presupuestaria en vigor que viene referida y facultar a la alcaldesa o persona en quien delegue para ser miembro corporativo de esta asociación.

Por lo tanto, procedemos directamente a la votación de este punto.

Votación del asunto número cinco

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Se abstiene el Grupo municipal del Partido Popular (12 abstenciones)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Muchas gracias. Queda aprobado.

Acordo

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello da Coruña e de forma mediata do Servizo de Cultura e Memoria Histórica pertencente ao mesmo, como membro asociado de categoría 2 da Asociación Internacional Culture Action Europe.

Segundo.- Realizar a retención de crédito por un importe de 2.809,00 € en concepto de cota anual pola adhesión á Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo á aplicación 50.334.48918 do orzamento municipal en vigor.

Acuerdo

Primero.- Aprobar la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña y de forma mediata del Servicio de Cultura y Memoria Histórica perteneciente al mismo, como miembro asociado de categoría 2 de la Asociación Internacional Culture Action Europe.

Segundo.- Realizar la retención de crédito por un importe de 2.809,00 € en concepto de cuota anual por la adhesión a la Asociación Internacional Culture Action Europe, con cargo a la aplicación 50.334.48918 del presupuesto municipal en vigor.

Intervencións

Presidencia

Quedan dous asuntos da Parte Resolutiva. Sendo as doce menos dez minutos, se lles parece, paramos e retomamos ás doce e cuarto. Grazas.

Ás once horas e cincuenta e tres minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e dezanove minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra a excepción do señor Castro Prado e da señora Díaz Vázquez.

CONCELLARÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

ASUNTO 6

70. Expte. 631/2025/165
Aprobación definitiva do Estudo de detalle das parcelas de equipamento

Intervenciones

Presidencia

Quedan dos asuntos de la Parte Resolutiva. Siendo las doce menos diez minutos, si les parece, paramos y retomamos a las doce y cuarto. Gracias.

A las once horas y cincuenta y tres minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se retoma a las doce horas y diecinueve minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra a excepción del señor Castro Prado y de la señora Díaz Vázquez.

CONCEJALÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA

Dirección del Área de Urbanismo

Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo

ASUNTO 6

70. Expte. 631/2025/165
Aprobación definitiva del Estudio de detalle de las parcelas de equipamiento

deportivo Agra e IES Agra do Orzán, para a ordenación de volumes e concreción das condicións estéticas.

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 11 de maio de 2026, cos voto a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o documento denominado ""Estudio de detalle das parcelas de equipamentos deportivo Agra e IES Agra do Orzán, para a ordenación de volumes e concreción de condicións estéticas, parcelas catastrais 6716003NJ4061N0001ML y 6716004NJ4061N0001OL, Concello da Coruña", co CSV 0T15 4N4K 5P6X 6O2Z 17AX, promovido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e redactado polo equipo redactor Terceroderecha Arquitectos, co número de COAG 20310, e asinado polo técnico Jorge Álvarez.

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento e realizar os trámites previstos no artigo 199 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, para a súa entrada en vigor.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao promotor do documento e aos Servizos e Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

Intervencións

deportivo Agra e IES Agra do Orzán, para la ordenación de volúmenes y concreción de las condiciones estéticas.

Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 11 de mayo de 2026, con los voto a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:

PRIMERO.- Aprobar definitivamente el documento denominado "Estudio de detalle de las parcelas de equipamientos deportivo Agra e IES Agra del Orzán, para la ordenación de volúmenes y concreción de condiciones estéticas, parcelas catastrales 6716003NJ4061N0001ML y 6716004NJ4061N0001OL, Ayuntamiento de A Coruña", con el CSV 0T15 4N4K 5P6X 6O2Z 17AX, promovido por la Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional y redactado por el equipo redactor Terceroderecha Arquitectos, con el número de COAG 20310, y firmado por el técnico Jorge Álvarez.

SEGUNDO.- Diligenciar el documento y realizar los trámites previstos en el artículo 199 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley del suelo de Galicia, para su entrada en vigor.

TERCERO.- Notificar este acuerdo al promotor del documento y a los Servicios y Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.

Intervenciones

Presidencia

Ben, retomamos a sesión plenaria co asunto número seis, señor secretario.

Señor Secretario

Asunto número seis, Aprobación definitiva do estudo de detalle das parcelas de equipamento deportivo Agra e IES Agra do Orzán, para a ordenación de volumes e concreción das condicións estéticas.

Maioría simple, perdón.

Presidencia

Ben, ten a palabra o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz, e despois quenda única de tres minutos.

Señor Díaz Gallego

Grazas, señora alcaldesa.

Traemos hoxe ó Pleno do Concello da Coruña o informe proposta para a aprobación definitiva do documento do estudo de detalle das parcelas de equipamento deportivo Agra e do IES Agra do Orzán para a ordenación de volumes e concreción das condicións estéticas.

O 3 de setembro de 2025 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación presentou ó Concello da Coruña este estudo de detalle, o cal foi aprobado inicialmente en Xunta de Goberno Local o 22 de outubro de 2025. Durante o período de exposición ó público ata a aprobación deste informe proposta non houbo entrada de ningunha alegación e, por tanto, bo, pois o traemos hoxe aquí para a súa aprobación definitiva.

Presidencia

Bien, retomamos la sesión plenaria con el asunto número seis, señor secretario.

Señor Secretario

Asunto número seis, Aprobación definitiva del estudio de detalle de las parcelas de equipamiento deportivo Agra e IES Agra del Orzán, para la ordenación de volúmenes y concreción de las condiciones estéticas.

Mayoría simple, perdón.

Presidencia

Bien, tiene la palabra el concejal de Urbanismo, señor Díaz, y después turno único de tres minutos.

Señor Díaz Gallego

Gracias, señora alcaldesa.

Traemos hoy al Pleno del Concello de A Coruña el informe propuesta para la aprobación definitiva del documento del estudio de detalle de las parcelas de equipamiento deportivo Agra y del IES Agra del Orzán para la ordenación de volúmenes y concreción de las condiciones estéticas.

El 3 de septiembre de 2025 la Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación presentó al Ayuntamiento de A Coruña este estudio de detalle, el cual fue aprobado inicialmente en Junta de Gobierno Local el 22 de octubre de 2025. Durante el periodo de exposición al público hasta la aprobación de este informe propuesta no hubo entrada de ninguna alegación y, por tanto, bueno, pues lo traemos hoy aquí para su aprobación definitiva.

O estudo de detalle presentado ten por obxecto ordenar volumétricamente as parcelas destinadas a equipamentos públicos correspondentes ó IES Agra do Orzán e o complexo deportivo do Agra I situadas no barrio do Agra do Orzán e ten un dobre obxectivo, por unha banda definir a ordenación dos volumes das parcelas de equipamento existentes e das ampliacións propostas axustando edificabilidade, alturas e ocupación, de acordo coa Lei do solo de Galicia e establecer tamén as condicións estéticas e de integración arquitectónica das novas edificacións en coherencia coas determinacións do Plan Xeral.

El estudio de detalle presentado tiene por objeto ordenar volumétricamente las parcelas destinadas a equipamientos públicos correspondientes al IES Agra del Orzán y el complejo deportivo del Agra I situadas en el barrio del Agra del Orzán y tiene un doble objetivo, por un lado definir la ordenación de los volúmenes de las parcelas de equipamiento existentes y de las ampliaciones propuestas ajustando edificabilidad, alturas y ocupación, de acuerdo con la Ley del suelo de Galicia y establecer también las condiciones estéticas y de integración arquitectónica de las nuevas edificaciones en coherencia con las determinaciones del Plan General.

Ás doce horas e vinte e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Castro Prado.

A las doce horas y veintiún minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Castro Prado.

O estudo de detalle está promovido pola Consellería, como digo, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, está redactado polos arquitectos Jorge Álvarez e Laura Arias Pardo e, como digo, prevé os seguintes obxectivos: por unha banda a ampliación do IES Agra do Orzán mediante a incorporación de dous novos volumes anexos á edificación existente, un de dúas alturas —semisótano e planta baixa— xunto ao ximnasio cunha ocupación máxima de 222 m²; outro volume de 4 alturas —semisótano, planta baixa e dúas plantas— que substitúe parcialmente ao actual patio cuberto, cunha ocupación máxima de 454 m². A edificabilidade total resultante son 10.566 m² e créanse 28 novas prazas de aparcamento. A coherencia que se busca con esta ordenación é tamén que regule a ampliación do complexo deportivo do Agra I.

El estudio de detalle está promovido por la Consellería, como digo, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional de la Xunta de Galicia, está redactado por los arquitectos Jorge Álvarez y Laura Arias Pardo y, como digo, prevé los siguientes objetivos: por un lado la ampliación del IES Agra del Orzán mediante la incorporación de dos nuevos volúmenes anexos a la edificación existente, uno de dos alturas —semisótano y planta baja— junto al gimnasio con una ocupación máxima de 222 m2; otro volumen de 4 alturas —semisótano, planta baja y dos plantas— que sustituye parcialmente al actual patio cubierto, con una ocupación máxima de 454 m2. La edificabilidad total resultante son 10.566 m2 y se crean 28 nuevas plazas de aparcamiento. La coherencia que se busca con esta ordenación es también que regule la ampliación del complejo deportivo del Agra I.

Por tanto, o que traemos aquí é a proposta de acordo seguinte: primeiro, aprobar definitivamente o documento

Por tanto, lo que traemos aquí es la propuesta de acuerdo siguiente: primero, aprobar definitivamente el documento

denominado "Estudo de detalle das parcelas de equipamentos Agra e do IES Agra do Orzán", para a ordenación de volumes e concreción de condicións estéticas promovido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e redactado polo equipo redactor Terceroderecha Arquitectos, asinado polo técnico Jorge Álvarez; segundo, dilixenciar o documento e realizar os trámites previstos no artigo 199 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desnvolvemento da Lei do solo de Galicia, para a súa entrada en vigor; terceiro, notificar este acordo ó promotor do documento e ós servizos e departamentos municipais interesados. Grazas.

Presidencia

Moitas grazas. Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Simplemente anunciar que imos votar a favor. Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas. Turno para o Partido Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Moitas grazas.

O asunto urbanístico que se debate neste pleno é o estudo de detalle para a ordenación de volumes no complexo Agra I e no IES Agra do Orzán para as súas ampliacións.

En setembro de 2025 comeza a tramitarse este expediente coa solicitude realizada pola Consellería de Educación

denominado "Estudio de detalle de las parcelas de equipamientos Agra y del IES Agra del Orzán", para la ordenación de volúmenes y concreción de condiciones estéticas promovido por la Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional y redactado por el equipo redactor Terceroderecha Arquitectos, firmado por el técnico Jorge Álvarez; segundo, diligenciar el documento y realizar los trámites previstos en el artículo 199 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de desnvolvemento de la Ley del suelo de Galicia, para su entrada en vigor; tercero, notificar este acuerdo al promotor del documento y a los servicios y departamentos municipales interesados. Gracias.

Presidencia

Muchas gracias. Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Simplemente anunciar que vamos a votar a favor. Nada más.

Presidencia

Muchas gracias. Turno para el Partido Popular, señor Dios.

Señor Deus Álvarez

Muchas gracias.

El asunto urbanístico que se debate en este pleno es el estudio de detalle para la ordenación de volúmenes en el complejo Agra I y en el IES Agra do Orzán para sus ampliaciones.

En septiembre de 2025 comienza a tramitarse este expediente con la solicitud realizada por la Consellería de Educación

da Xunta de Galicia para a súa tramitación. Na Xunta de Goberno do 22 de outubro de 2025 realizouse a aprobación inicial deste documento de estudo de detalle. Deuse inicio despois deste trámite ao período de exposición pública que finalizou sen a presentación de ningunha alegación. Da mesma forma, solicitáronse os informes sectoriais pertinentes obtendo informes favorables.

de la Xunta de Galicia para su tramitación. En la Junta de Gobierno de 22 de octubre de 2025 se realizó la aprobación inicial de este documento de estudio de detalle. Se dio inicio después de este trámite al periodo de exposición pública que finalizó sin la presentación de ninguna alegación. De la misma forma, se solicitaron los informes sectoriales pertinentes obteniendo informes favorables.

O obxectivo deste estudo de detalle non é outro que ordenar os volumes nas parcelas destinadas a equipamentos públicos, por unha banda o IES Agra do Orzán e por outro o complexo deportivo Agra I, situados ambos no barrio do Agra do Orzán.

El objetivo de este estudio de detalle no es otro que ordenar los volúmenes en las parcelas destinadas a equipamientos públicos, por un lado el IES Agra del Orzán y por otro el complejo deportivo Agra I, situados ambos en el barrio del Agra do Orzán.

Por certo, señora Veira, os veciños do Agra envíanlle unha mensaxe **(o señor Deus mostra unha fotografía)** *esta mañá desde a praza de María Pita.*

Por cierto, señora Veira, los vecinos del Agra le envían un mensaje ***(el señor Deus muestra una fotografía)*** esta mañana desde la plaza de María Pita.

Esta ordenación volumétrica, efectivamente, realizarase por aplicación da Norma Zonal 8, de equipamentos, do actual Plan Xeral, que establece que esta ordenación das parcelas de equipamentos fixarase mediante un estudo de detalle. Hoxe temos que felicitarnos pola aprobación da Norma Zonal 8, talvez se esta norma estivese aprobada con máis dilixencia, hoxe poderiamos facer que esta tramitación deste estudo de detalle fose seguramente máis sinxela. Teño que dicirlles que a pesar de toda esta tramitación, apenas durou un ano sendo un tempo máis que suficiente pensando que aínda queda a solicitude da licenza de obras. Confiamos que os prazos de concesión desa licenza sexan breves, dado o interese público que presentan ambas as intervencións. Toda dilatación nos prazos de tramitación destes expedientes redunda en atrasos na prestación de servizos públicos para os cidadáns que neste caso teñen que ver coa educación e a práctica do deporte,

Esta ordenación volumétrica, efectivamente, se realizará por aplicación de la Norma Zonal 8, de equipamientos, del actual Plan General, que establece que esta ordenación de las parcelas de equipamientos se fijará mediante un estudio de detalle. Hoy tenemos que felicitarnos por la aprobación de la Norma Zonal 8, quizás si esta norma estuviese aprobada con más diligencia, hoy podríamos haber hecho que esta tramitación de este estudio de detalle fuera seguramente más sencilla. Tengo que decirles que a pesar de toda esta tramitación, apenas duró un año siendo un tiempo más que suficiente pensando que aún queda la solicitud de la licencia de obras. Confiamos que los plazos de concesión de esa licencia sean breves, dado el interés público que presentan ambas intervenciones. Toda dilatación en los plazos de tramitación de estos expedientes redunda en retrasos en la prestación de servicios públicos para los ciudadanos que en este caso tienen que ver con la

por iso é inexplicable que estea bloqueada a tramitación doutro estudo de detalle similar que a Xunta solicitou para a reforma e ampliación do polideportivo da Sardiñeira. Esta solicitude vén do ano 2023, hai nada menos que tres anos.

Isto pon de manifesto a nefasta xestión deste goberno municipal, unha falta de preocupación por unha actuación que vai investir na cidade 2,6 millóns de euros, lembrándolles ademais que a Xunta está a investir na cidade 24 millóns de euros en rehabilitación de centros educativos, dos que 14 millóns xa foron obras rematadas.

Dicía vostede nun pleno, señor Díaz, que por que a Xunta mentres continúa a tramitación do estudo de detalle non solicita licenzas parciais para ir arranxando as súas instalacións. Esta mensaxe pon de manifesto a imposibilidade de informar en prazo os expedientes urbanísticos e deixa no aire outra mensaxe peor, escorrenta non só ao investimento público, senón tamén á privada nesta cidade debido a esa lentitude na concesión de licenzas.

Como non podía ser doutro modo, votaremos a favor deste asunto. Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus. Turno de peche para o Goberno, señor Díaz.

Señor Díaz Gallego

Si. Bo, nada, con respecto á do Bloque Nacionalista Galego, señora Veira, agradecer o voto favorable a este estudo de detalle e con respecto ao que comenta o señor Deus, pois efectivamente, reafírmome nas miñas afirmacións. A Xunta de Galicia, obviamente, sen

educación y la práctica del deporte, por eso es inexplicable que esté bloqueada la tramitación de otro estudio de detalle similar que la Xunta solicitó para la reforma y ampliación del polideportivo de A Sardiñeira. Esta solicitud viene del año 2023, hace nada menos que tres años.

Esto pone de manifiesto la nefasta gestión de este gobierno municipal, una falta de preocupación por una actuación que va a invertir en la ciudad 2,6 millones de euros, recordándoles además que la Xunta está invirtiendo en la ciudad 24 millones de euros en rehabilitación de centros educativos, de los que 14 millones ya han sido obras rematadas.

Decía usted en un pleno, señor Díaz, que por qué la Xunta mientras continúa la tramitación del estudio de detalle no solicita licencias parciales para ir arreglando sus instalaciones. Este mensaje pone de manifiesto la imposibilidad de informar en plazo los expedientes urbanísticos y deja en el aire otro mensaje peor, ahuyenta no solo a la inversión pública, sino también a la privada en esta ciudad debido a esa lentitud en la concesión de licencias.

Como no podía ser de otra forma, votaremos a favor de este asunto. Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus. Turno de cierrre para el Gobierno, señor Díaz.

Señor Díaz Gallego

Sí. Bueno, nada, con respecto a la del Bloque Nacionalista Galego, señora Veira, agradecer el voto favorable a este estudio de detalle y con respecto a lo que comenta el señor Deus, pues efectivamente, me reafirmo en mis afirmaciones. La Xunta de Galicia, obviamente, sin necesidad de

necesidade de ningún estudo de detalle pode manter os equipamentos deportivos en bo estado, pode solicitar licenza para melloralos e o que se lle pediría é que en todo caso que a solicite e que sexan completas, e que se poidan rehabilitar os espazos deportivos con calidade, non como o que vemos que acaban de facer en Elviña, onde o campo de fútbol non ten rega e exteriormente o complexo deportivo limitouse a unha reforma da porta e a un novo logo, pero polo que vemos, interiormente segue sendo o mesmo complexo deportivo que existía, creo que con menos pingueiras que antes, pero desde logo dista moito de ser unha reforma xeneralizada do complexo deportivo que, como digo, require só de licenza e de ningún estudo de detalle. En Sardiñeira, máis do mesmo, é un equipamento deportivo que como mínimo poderiamos definir como terceiromundista e que, desde logo, podería rehabilitarse desde xa cunha licenza municipal sen necesidade de esperar a ese estudo de detalle que ten maior complexidade porque aí hai un fallo no Plan Xeral que motiva que parte dese equipamento estea dentro do ámbito do polígono de Sardiñeira e aí hai que facer un reaxuste de parcelas que se atopa, desde logo, en tramitación, pero como digo, bo, a Xunta desde logo pode tramitar todas as licenzas que queira. Estáselles dando a axilidade debida por tratarse de equipamentos públicos e o que pasa é que, bo, despois tamén ten que ver canto tardan en tramitar, pois os pagos das taxas, todos estes pagos, de ICIOs, que ao final demoran o inicio das obras porque, bo, teñen un sistema desde logo diferente ó doutras administracións que fai que ata que non estea adxudicada a obra a un contratista non se paga a licenza e por tanto non se lle pode conceder.

ningún estudio de detalle puede mantener los equipamientos deportivos en buen estado, puede solicitar licencia para mejorarlos y lo que se le pediría es que en todo caso que la solicite y que sean completas, y que se puedan rehabilitar los espacios deportivos con calidad, no como lo que vemos que acaban de hacer en Elviña, donde el campo de fútbol no tiene riego y exteriormente el complejo deportivo se ha limitado a una reforma de la puerta y a un nuevo logo, pero por lo que vemos, interiormente sigue siendo el mismo complejo deportivo que existía, creo que con menos goteras que antes, pero desde luego dista mucho de ser una reforma generalizada del complejo deportivo que, como digo, requiere solo de licencia y de ningún estudio de detalle. En Sardiñeira, más de lo mismo, es un equipamiento deportivo que como mínimo podríamos definir como tercermundista y que, desde luego, podría rehabilitarse desde ya con una licencia municipal sin necesidad de esperar a ese estudio de detalle que tiene mayor complejidad porque ahí hay un fallo en el Plan General que motiva que parte de ese equipamiento esté dentro del ámbito del polígono de Sardiñeira y ahí hay que hacer un reajuste de parcelas que se encuentra, desde luego, en tramitación, pero como digo, bueno, la Xunta desde luego puede tramitar todas las licencias que quiera. Se les está dando la agilidad debida por tratarse de equipamientos públicos y lo que pasa es que, bueno, después también tiene que ver cuánto tardan en tramitar, pues los pagos de las tasas, todos estos pagos, de ICIOs, que al final demoran el inicio de las obras porque, bueno, tienen un sistema desde luego diferente al de otras administraciones que hace que hasta que no esté adjudicada la obra a un contratista no se paga la licencia y por lo tanto no se le puede conceder.

En todo caso, reitero, a Xunta ten as portas da Concellaría de Urbanismo

En todo caso, reitero, la Xunta tiene las puertas de la Concejalía de Urbanismo

abertas para presentar todas aquelas licenzas que queira para mellorar todos os seus complexos deportivos e serán, desde logo, tratadas o máis axiña posible. Estamos a esperar pola da rega do campo de fútbol de Elviña.

abiertas para presentar todas aquellas licencias que quiera para mejorar todos sus complejos deportivos y serán, desde luego, tratadas a la mayor brevedad. Estamos esperando por la del riego del campo de fútbol de Elviña.

Presidencia

Moitas grazas.

Procedemos á votación deste asunto.

Presidencia

Muchas gracias.

Procedemos a la votación de este asunto.

Votación do asunto número seis

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número seis relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (9 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Votación del asunto número seis

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número seis relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (9 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Grazas. Queda aprobado por unanimidade.

Presidencia

Gracias. Queda aprobado por unanimidad.

Acordo

Por iniciativa del BNG se creó una comisión especial de seguimiento del proceso de licitación de este servicio, por eso, en el primer punto solicitamos que el Gobierno dé explicaciones detalladas en esta comisión.

Por otra parte, hemos insistido muchas veces en la necesidad de desarrollar campañas de información y educación ambiental que posibiliten el aumento de las cifras de separación y de reciclaje en origen. En la exposición de motivos se recogen los datos que figuran en el Plan municipal de gestión de residuos, que demuestran el mucho trabajo que queda por hacer para que haya una buena

en orixe que facilite a reciclaxe posterior, pero para que estas campañas sexan eficaces se lles debe dedicar o tempo e os recursos necesarios e asegurar que o seu desenvolvemento se coordine con outras actuacións orientadas a mellora da recollida e xestión do lixo. Por exemplo, a implantación do quinto colector non foi precedida dunha campaña intensa de educación e información que chegase de verdade a todas as casas e ademais, dáse o paradoxo de que a planta de Nostián aínda non foi adaptada á implantación do quinto colector. De nada val que haxa separación en orixe se logo non hai un tratamento diferenciado en planta e a maior parte do lixo vai o vertedoiro.

separación en origen que facilite el reciclaje posterior, pero para que estas campañas sean eficaces se les debe dedicar el tiempo y los recursos necesarios y asegurar que su desarrollo se coordine con otras actuaciones orientadas a la mejora de la recogida y gestión de la basura. Por ejemplo, la implantación del quinto colector no fue precedida de una campaña intensa de educación e información que llegara de verdad a todas las casas y además, se da la paradoja de que la planta de Nostián aún no fue adaptada a la implantación del quinto colector. De nada vale que haya separación en origen si luego no hay un tratamiento diferenciado en planta y la mayor parte de la basura va al vertedero.

Ademais, o Concello está facendo un importante investimento para dotar os fogares de distintos elementos para mellorar a separación en orixe e o Goberno local aprobou tamén a adxudicación doutros contratos para o subministro de colectores de carga lateral e contedores de aceite e de roupa, pero segundo as nosas informacións, a campaña informativa que se vai desenvolver vai ter unha duración de so catro semanas en vez das vinte inicialmente previstas e vanse eliminar iniciativas como a colocación de carpas explicativas na rúa, coa colaboración de entidades sociais especializadas na recollida e revalorización do aceite e da roupa usada e, ademais estas entidades non foron aínda consultadas nin informadas sobre os emprazamentos dos novos puntos de recollida prescindindo do coñecemento adquirido que é fundamental para o bo funcionamento destes novos puntos.

Además, el Ayuntamiento está haciendo una importante inversión para dotar a los hogares de distintos elementos para mejorar la separación en origen y el Gobierno local aprobó también la adjudicación de otros contratos para el suministro de colectores de carga lateral y contenedores de aceite y de ropa, pero según nuestras informaciones, la campaña informativa que se va a desarrollar va a tener una duración de solo cuatro semanas en vez de las veinte inicialmente previstas y se van a eliminar iniciativas como la colocación de carpas explicativas en la calle, con la colaboración de entidades sociales especializadas en la recogida y revalorización del aceite y de la ropa usada y, además estas entidades no fueron aún consultadas ni informadas sobre los emplazamientos de los nuevos puntos de recogida prescindiendo del conocimiento adquirido que es fundamental para el buen funcionamiento de estos nuevos puntos.

Por iso, insistimos en que estas campañas, para que sexan eficaces, necesitan do tempo e dos recursos necesarios e débese asegurar tamén que o seu desenvolvemento se coordine con

Por eso, insistimos en que estas campañas, para que sean eficaces, necesitan del tiempo y de los recursos necesarios y se debe asegurar también que su desarrollo se coordine con otras orientaciones

outras orientacións orientadas á mellora do sistema de recollida e xestión do lixo.

Estas son as razóns que fundamentan a nosa moción para a que solicitamos o voto favorable. Moitas grazas.

Presidencia acctal. (señor Lage Tuñas)

Grazas señor Jorquera. Ten a palabra o señor Amado de la Fuente.

Ás doce horas e corenta e catro minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González e entran a señora alcaldesa, que pasa a presidir a sesión, e o señor Lorenzo Torres.

Señor Amado de la Fuente

Bos días a todas as persoas presentes e ás que nos seguen en directo, benvidos á cidade que presume de fachada marítima mentres esconde o lixo baixo unha alfombra que xa parece o Everest, benvidos ao reino de Inés Rey e do seu gran visir, Lage Tuñas, quen xestiona o diñeiro público coma se fosen fichas dun casino onde sempre perde o cidadán.

Falemos de Nostián, ese buraco negro onde a lóxica brilla pola súa ausencia. Lanzaron unha licitación que é un monumento ao despropósito, ignorando o informe da Oficina Nacional de Evaluación que advirte alto e claro que as contas non saen. A súa resposta: pisar o acelerador cara ao barranco hipotecando á cidade por décadas cun sorriso de deseño. Mentres preparan o desastre futuro, non esquecemos o seu historial: 7,2 millóns de euros perdoados á actual concesionaria a pesar de ter un buraco de 12 millóns nas contas que lles obrigará a facer recortes no orzamento deste ano. Que van recortar? gasto social? investimentos? subvencións?. Dígano, non o oculten.

orientadas a la mejora del sistema de recogida y gestión de la basura.

Estas son las razones que fundamentan nuestra moción para la que solicitamos el voto favorable. Muchas gracias.

Presidencia acctal. (señor Lage Tuñas)

Gracias señor Jorquer,. Tiene la palabra el señor Amado de la Fuente.

A las doce horas y cuarenta y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González y entran la señora alcaldesa, que pasa a presidir la sesión, y el señor Lorenzo Torres.

Señor Amado de la Fuente

Buenos días a todas las personas presentes y a las que nos siguen por *streaming*, bienvenidos a la ciudad que presume de fachada marítima mientras esconde la basura bajo una alfombra que ya parece el Everest, bienvenidos al reino de Inés Rey y de su gran visir, Lage Tuñas, quien gestiona el dinero público como si fueran fichas de un casino donde siempre pierde el ciudadano.

Hablemos de Nostián, ese agujero negro donde la lógica brilla por su ausencia. Han lanzado una licitación que es un monumento al despropósito, ignorando el informe de la Oficina Nacional de Evaluación que advierte alto y claro que las cuentas no salen. Su respuesta: pisar el acelerador hacia el barranco hipotecando a la ciudad por décadas con una sonrisa de diseño. Mientras preparan el desastre futuro, no olvidamos su historial: 7,2 millones de euros perdonados a la actual concesionaria a pesar de tener un agujero de 12 millones en las cuentas que les obligará a hacer recortes en el presupuesto de este año ¿Qué van a recortar? ¿gasto social? ¿inversiones? ¿subvenciones?. Díganlo, no lo oculten.

Aos veciños sóbenlles a taxa de lixo pero á empresa que xestiona mal a planta perdóanlle a débeda. É a caridade exquisita entre amigos da Administración.

A los vecinos les suben la tasa de basura pero a la empresa que gestiona mal la planta le perdonan la deuda. Es la caridad exquisita entre amigos de la Administración.

É fascinante que na cidade onde ninguén se rende o Concello rendeuse á ilegalidade de vivir sen contrato de recollida. Pagamos facturas con reparos legais mes tras mes, é como pagar Netflix para ver como se desbordan os contedores.

Es fascinante que en la ciudad donde nadie se rinde el Ayuntamiento se haya rendido a la ilegalidad de vivir sin contrato de recogida. Pagamos facturas con reparos legales mes tras mes, es como pagar Netflix para ver como se desbordan los contenedores.

Falemos agora deses contedores esparexidos por toda a nosa cidade. Inaccesibilidade. Deseñaron un sistema que ignora ás persoas con mobilidade reducida. Son monumentos ó cinismo que segregan aos veciños máis vulnerables.

Hablemos ahora de esos contenedores esparcidos por toda nuestra ciudad. Inaccesibilidad. Han diseñado un sistema que ignora a las personas con movilidad reducida. Son monumentos al cinismo que segregan a los vecinos más vulnerables.

A tarxeta de control. Van dar unha tarxeta de control para controlar cando tiramos un iogur mentres vostedes perden o control de millóns de euros nos despachos. É a dixitalización da súa incompetencia.

La tarjeta de control. Nos van a dar una tarjeta de control para controlar cuando tiramos un yogurt mientras ustedes pierden el control de millones de euros en los despachos. Es la digitalización de su incompetencia.

O quinto contedor, unha fraude ambiental. Nostián non pode tratar o que recollemos porque a planta está na UVI pero obrígannos a facer o paripé para non ensuciar a foto de cidade verde. E quen paga o pato? Os traballadores da planta, que viven nunha incertidume crónica e os cidadáns que separan os seus residuos con conciencia ambiental para que todo daquela acabe mesturado no vertedoiro.

El quinto contenedor, un fraude ambiental. Nostián no puede tratar lo que recogemos porque la planta está en la UVI pero nos obligan a hacer el paripé para no ensuciar la foto de ciudad verde. Y ¿quién paga el pato? Los trabajadores de la planta, que viven en una incertidumbre crónica y los ciudadanos que separan sus residuos con conciencia medioambiental para que todo luego acabe mezclado en el vertedero.

E o BNG? O seu papel é culpar ao veciño de non saber reciclar mentres exoneran a Inés Rey. Asinan orzamentos millonarios e falan de rigor político, o rigor do que mira un incendio e limítase a tomar apuntamentos.

¿Y el BNG? Su papel es culpar al vecino de no saber reciclar mientras exoneran a Inés Rey. Firman presupuestos millonarios y hablan de rigor político, el rigor del que mira un incendio y se limita a tomar apuntes.

Votaremos a favor da moción para

Votaremos a favor de la moción para

escoitar as explicacións na Comisión e porque a formación en reciclaxe nunca sobra pero non aceptamos a idea de que se en Coruña non se compren as directivas europeas sexa por culpa dos veciños. Os responsables de incumprir teñen nomes e apelidos, señora Rey, señor Lage, poden seguir perfumando a realidade con propaganda pero A Coruña xa sabe que o que vostedes xestionan non é unha cidade, é un vertedoiro de oportunidades perdidas. Menos tarxetas **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *menos tarxetas electrónicas e máis decencia administrativa, por favor.*

escuchar las explicaciones en la Comisión y porque la formación en reciclaje nunca sobra pero no aceptamos la idea de que si en Coruña no se cumplen las directivas europeas sea por culpa de los vecinos. Los responsables de incumplir tienen nombres y apellidos, señora Rey, señor Lage, pueden seguir perfumando la realidad con propaganda pero A Coruña ya sabe que lo que ustedes gestionan no es una ciudad, es un vertedero de oportunidades perdidas. Menos tarjetas ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** menos tarjetas electrónicas y más decencia administrativa, por favor.

Presidencia

Moitas grazas, señor Amado. Turno do Goberno, señora Neira.

Señora Neira Fernández

Grazas señora alcaldesa.

Ben, en primeiro lugar anunciarlles o noso voto favorable a esta moción, a pesar de que efectivamente dentro do que foi a exposición que se efectuou aquí por parte de ambos os grupos, hai matices, por non dicirlle, señor Amado, que falar de que a implantación do quinto contedor é un capricho... A implantación do quinto contedor ou o peche dos contedores ou a utilización de determinados medios de carácter electrónico non é un capricho, é que vén determinado pola aplicación dunha lei que é a 7/22, que loxicamente vostede sabe perfectamente que é unha adaptación no ordenamento xurídico español dunha directiva de carácter europeo e estamos obrigados cando se pechan os contedores noutros concellos e non me vou a ir máis lonxe, pero como pode ser o de Arteixo, como poden ser outros tantos. Supoño que saben tamén que hai risco de desbordes e supoño que

Presidencia

Muchas gracias, señor Amado. Turno del Gobierno, señora Neira.

Señora Neira Fernández

Gracias señora alcaldesa.

Bueno, en primer lugar anunciarles nuestro voto favorable a esta moción, a pesar de que efectivamente dentro de lo que ha sido la exposición que se ha efectuado aquí por parte de ambos grupos, hay matices, por no decirle, señor Amado, que hablar de que la implantación del quinto contenedor es un capricho... La implantación del quinto contenedor o el cierre de los contenedores o la utilización de determinados medios de carácter electrónico no es un capricho, es que viene determinado por la aplicación de una ley que es la 7/22, que lógicamente usted sabe perfectamente que es una adaptación en el ordenamiento jurídico español de una directiva de carácter europeo y estamos obligados cuando se cierran los contenedores en otros ayuntamientos y no me voy a ir más lejos, pero como puede ser el de Arteixo, como pueden ser otros tantos. Supongo que saben también que hay riesgo de desbordes y

o fan porque loxicamente existe un cumprimento de carácter normativo, gústenos ou non, a lei hai que cumprila e se non nos gusta todos nos dedicamos á política e quen fan as leis que outros aplican somos nós noutras instancias. Iso en primeiro lugar.

supongo que lo hacen porque lógicamente existe un cumplimiento de carácter normativo, nos guste o no, la ley hay que cumplirla y si no nos gusta todos nos dedicamos a la política y quienes hacen las leyes que otros aplican somos nosotros en otras instancias. Eso en primer lugar.

Ás doce horas e corenta e nove minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.

A las doce horas y cuarenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.

En relación ao que expuña o señor Jorquera, podo estar de acordo nalgunhas cuestións, pero vou negar a maior. Si que se fixo unha campaña, insuficiente? Pois á vista dos resultados, seguramente si. Fíxose o que se puido no momento que se puido pero tamén vostede sabe que existe, agora mesmo, unha adxudicación dun contrato, que se vai a facer con cargo a fondos europeos, para unha campaña publicitaria relativa ó contedor que vai comezar en breve, que non vai ser a última que se vai a efectuar unha vez que finalice esta campaña que vai ser unha campaña importante na que se vai tratar de chegar a todos e cada un dos veciños, de moi diferentes maneiras. Vai poñer en marcha, en colaboración con Ecoembes, outra campaña, como se fixo anteriormente e que, ademais, está a traballarse no ámbito da sensibilización dunha maneira constante, a través de Coruña Educa, os centros educativos, coas entidades veciñais a condición de que nolo demande, porque desde logo o ofrecemento está feito, algunhas o demandaron e outras non. E, desde logo, estamos dispostos, tanto os técnicos da Concellería, como eu mesma, como as empresas que traballan en cada momento para o Concello, para aclarar todo aquilo que se teña que aclarar. Por tanto, non se pode dicir que non se fixo unha campaña.

En relación a lo que planteaba el señor Jorquera, puedo estar de acuerdo en algunas cuestiones, pero le voy a negar la mayor. Sí que se hizo una campaña, ¿insuficiente? Pues a la vista de los resultados, seguramente sí. Se hizo lo que se pudo en el momento que se pudo pero también usted sabe que existe, ahora mismo, una adjudicación de un contrato, que se va a hacer con cargo a fondos europeos, para una campaña publicitaria relativa al contenedor que va a comenzar en breve, que no va a ser la última que se va a efectuar una vez que finalice esta campaña que va a ser una campaña importante en la que se va a tratar de llegar a todos y cada uno de los vecinos, de muy diferentes maneras. Se va a poner en marcha, en colaboración con Ecoembes, otra campaña, como se hizo anteriormente y que, además, se está trabajando en el ámbito de la sensibilización de una manera constante, a través de Coruña Educa, los centros educativos, con las entidades vecinales siempre y cuando nos lo demande, porque desde luego el ofrecimiento está hecho, algunas lo han demandado y otras no. Y, desde luego, estamos dispuestos, tanto los técnicos de la Concejalía, como yo misma, como las empresas que trabajan en cada momento para el Ayuntamiento, para aclarar todo aquello que se tenga que aclarar. Por lo tanto, no se puede decir que no se ha hecho una campaña.

En relación ó tema que vostede

En relación al tema que usted comentaba

comentaba sobre o tema de Nostián, habilitouse unha zona da plana para o que é a descarga dese quinto contedor e estase tratando de maneira separada. Outra cousa é que en orixe non veña ben separado o lixo, que iso é unha realidade, porque todos os datos que vostedes, Grupo de Bloque Nacionalista, poñen nesa exposición de motivos, loxicamente, son datos coñecidos e recoñecidos por nós porque derivan do noso plan de residuos, que aprobamos e que, loxicamente, ten que facer un diagnostico, un diagnóstico que non se pode maquillar, é unha realidade e téñense que establecer un obxectivos pero é un plan, un plan que tamén establece liñas estratéxicas e fálase de cantidades inxentes de diñeiro, como son 180 millóns, para poder ir cumprindo con todos iso criterios que veñen de Europa **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *ademais nos que temos que crer, que é nos da separación en orixe, indubidablemente para que todo o sistema sexa moito máis sostible.*

sobre el tema de Nostián, se ha habilitado una zona de la plana para lo que es la descarga de ese quinto contenedor y se está tratando de manera separada. Otra cosa es que en origen no venga bien separada la basura, que eso es una realidad, porque todos los datos que ustedes, Grupo de Bloque Nacionalista ponen en esa exposición de motivos, lógicamente, son datos conocidos y reconocidos por nosotros porque derivan de nuestro plan de residuos, que hemos aprobado y que, lógicamente, tiene que hacer un diagnóstico, un diagnóstico que no se puede maquillar, es una realidad y se tienen que establecer unos objetivos pero es un plan, un plan que también establece líneas estratégicas y se habla de cantidades ingentes de dinero, como son 180 millones, para poder ir cumpliendo con todos eso criterios que vienen de Europa ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** además en los que tenemos que creer, que es en los de la separación en origen, indudablemente para que todo el sistema sea mucho más sostenible.

E en relación aos outros puntos que establecen vostedes no acordo, o Pleno solicita a convocatoria da comisión especial de seguimento, convocarase. En relación ás campañas de información xa lle estou explicando que o 23 de maio comeza esa gran campaña e que a posteriori haberá outras e todas as que fagan falta para, efectivamente, chegar a esa concienciación cidadá e, desde logo, que o facemos con todos os recursos dos que somos capaces.

Y en relación a los otros puntos que establecen ustedes en el acuerdo, el Pleno solicita la convocatoria de la comisión especial de seguimiento, se convocará. En relación a las campañas de información ya le estoy explicando que el 23 de mayo comienza esa gran campaña y que a posteriori habrá otras y todas las que hagan falta para, efectivamente, llegar a esa concienciación ciudadana y, desde luego, que lo hacemos con todos los recursos de los que somos capaces.

E volvo repetir, guste ou non guste os peches ou non peches dos contedores é unha obrigación legal **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. *Cando se fala das tarxetas, efectuarase cun proxecto piloto, e volvo repetir, que non somos o primeiro concello que o fai, tampouco*

Y vuelvo a repetir, guste o no guste los cierres o no cierres de los contenedores es una obligación legal ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***. Cuando se habla de las tarjetas, se efectuará con un proyecto piloto, y vuelvo a repetir, que no somos el primer ayuntamiento que lo hace, tampoco

imos ser o último, non somos o único e que non é un capricho e que deriva, loxicamente, dunha obrigación europea na que, por certo, estamos ademais de acordo, na que estamos ademais de acordo, hai que pedir un compromiso ó cidadán á hora de ter que cumprir. Ben é verdade que, por parte da administración, hai que darlle a oportunidade de que o faga ben, pero nesa liña está a traballarse.

Moitas grazas.

vamos a ser el último, no somos el único y que no es un capricho y que deriva, lógicamente, de una obligación europea en la que, por cierto, estamos además de acuerdo, en la que estamos además de acuerdo, hay que pedir un compromiso al ciudadano a la hora de tener que cumplir. Bien es verdad que, por parte de la administración, hay que darle la oportunidad de que lo haga bien, pero en esa línea se está trabajando.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas señora Neira.

Muchas gracias señora Neira.

Procedemos a votación desta moción.

Procedemos la votación de esta moción.

Votación da primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Votación de la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego.

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre o fomento dos modelos de xestión do lixo que aposten decididamente pola redución, reciclaxe e reutilización, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre el fomento de los modelos de gestión de la basura que apuesten decididamente por la reducción, reciclaje y reutilización, produciéndose el siguiente resultado:

Votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular (12 votos)

Votos a favor del Grupo Municipal del Partido Popular (12 votos)

Votos a favor do Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (8 votos)

Votos a favor del Grupo Municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (8 votos)

Votos a favor do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Votos a favor del Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Presidencia

Grazas, queda aprobada por unanimidade.

Gracias, queda aprobada por unanimidad.

73. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o

73. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego relativa al

fomento dos modelos de xestión do lixo que aposten decididamente pola redución, reciclaxe e reutilización.

fomento de los modelos de gestión de la basura que apuesten decididamente por la reducción, reciclaje y reutilización.

Acordo

Acuerdo

1. O Pleno do Concello da Coruña acorda solicitar á convocatoria da comisión especial de seguimento do proceso de licitación do servizo de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos, co obxecto de que o Goberno local dea explicacións detalladas das razóns do sobrecusto do contrato de concesión, a respecto das previsións iniciais.

1. El Pleno del Ayuntamiento de A Coruña acuerda solicitar la convocatoria de la comisión especial de seguimiento del proceso de licitación del servicio de tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos, con el objeto de que el Gobierno local dé explicaciones detalladas de las razones del sobrecosto del contrato de concesión, respecto las previsiones iniciales.

2. O Pleno do Concello da Coruña insta o Goberno local a desenvolver campañas de información, sensibilización e educación ambiental orientadas ao conxunto da cidadanía, que posibiliten de forma progresiva o aumento das cifras da separación e tamén da redución e reciclaxe en orixe.

2. El Pleno del Ayuntamiento de A Coruña insta al Gobierno local a desarrollar campañas de información, sensibilización y educación ambiental orientadas al conjunto de la ciudadanía, que posibiliten de forma progresiva el aumento de las cifras de la separación y también de la reducción y reciclaje en origen.

3. O Pleno do Concello da Coruña insta o Goberno local a dedicar á realización destas campañas o tempo e os recursos necesarios e a asegurar que o seu desenvolvemento se coordine con outras actuacións orientadas á mellora do sistema de recollida e xestión do lixo, para asegurar a súa eficacia.

3. El Pleno del Ayuntamiento de A Coruña insta al Gobierno local a dedicar a la realización de estas campañas el tiempo y los recursos necesarios y a asegurar que su desarrollo se coordine con otras actuaciones orientadas a la mejora del sistema de recogida y gestión de la basura, para asegurar su eficacia.

Segunda. Moción sobre o impulso do cooperativismo.

Segunda. Moción sobre el impulso del cooperativismo*.*

Intervencións

Intervenciones

Presidencia

Presidencia

Segunda moción do BNG sobre cooperativismo. Señor Soto.

Segunda moción del BNG sobre cooperativismo. Señor Soto.

Ás doce horas e cincuenta e tres minutos sae do Salón de Sesións o señor Rodríguez Martínez.

A las doce horas y cincuenta y tres minutos sale del Salón de Sesiones el señor Rodríguez Martínez.

Señor Soto Díaz

Grazas señora alcaldesa.

Falar de cooperativismo é falar tamén de traballo. Por iso quero comezar por amosar a miña decepción por que o Partido Popular teña vetado unha declaración institucional en defensa do marco galego de relacións laborais, un marco que garante solucións máis apropiadas ós problemas laborais galegos. É unha auténtica magoa que o PP cale e permita que se lle furte ese dereito ós traballadores e empresarios de este país. Señores do PP, convenios negociados en Galicia son mellores condicións laborais e por iso, dende o Grupo municipal do BNG queremos amosar todo o noso apoio ás traballadoras do comercio vario que estes días están mobilizando contra o convenio impulsado por ARTE en Madrid.

As cooperativas, como saberán, son operadores económicos guiados que os distinguen de outro tipo de iniciativas económicas. Estes principios orientadores consisten na primacía das persoas e do fin social sobre o rendemento do capital. A aplicación de resultados en función do traballo aportado, a independencia dos poderes públicos e o compromiso ca igualdade entre homes e mulleres, o desenvolvemento local, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión, a conciliación de emprego estable e, en fin, a sustentabilidade ambiental. O impulso de este tipo de entidades debe ser unha prioridade, polo tanto, para os poderes públicos, non só pola súa importancia económica, senón tamén porque as cooperativas permiten ós seus membros gozar de condicións laborais dignas nun contexto marcado pola degradación constante dos dereitos das persoas traballadoras.

Señor Soto Díaz

Gracias señora alcaldesa.

Hablar de cooperativismo es hablar también de trabajo. Por eso quiero comenzar por mostrar mi decepción por que el Partido Popular haya vetado una declaración institucional en defensa del marco gallego de relaciones laborales, un marco que garantiza soluciones más apropiadas a los problemas laborales gallegos. Es una auténtica pena que el PP calle y permita que se le hurte ese derecho a los trabajadores y empresarios de este país. Señores del PP, convenios negociados en Galicia son mejores condiciones laborales y por eso, desde el Grupo municipal del BNG queremos mostrar todo nuestro apoyo a las trabajadoras del comercio vario que estos días están movilizando contra el convenio impulsado por ARTE en Madrid.

Las cooperativas, como sabrán, son operadores económicos guiados que los distinguen de otro tipo de iniciativas económicas. Estos principios orientativos consisten en la primacía de las personas y del fin social sobre el rendimiento del capital. La aplicación de resultados en función del trabajo aportado, la independencia de los poderes públicos y el compromiso que igualdad entre hombres y mujeres, el desarrollo local, la cohesión social, la inserción de personas en riesgo de exclusión, la conciliación de empleo estable y, en fin, la sostenibilidad ambiental. El impulso de este tipo de entidades debe ser una prioridad, por lo tanto, para los poderes públicos, no solo por su importancia económica, sino también porque las cooperativas permiten a sus miembros disfrutar de condiciones laborales dignas en un contexto marcado por la degradación constante de los derechos de las personas trabajadoras.

En particular, as cooperativas teñen a potencialidade, no só de dinamizar a economía local, senón tamén de impulsar o tecido asociativo e con iso a participación da veciñanza nas esferas cultural, científica ou tecnolóxica. Por iso é tamén innegable o interese dos concellos de apoiar o cooperativismo local.

En particular, las cooperativas tienen la potencialidad, no solo de dinamizar la economía local, sino también de impulsar el tejido asociativo y con eso la participación de la vecindad en las esferas cultural, científica o tecnológica. Por eso es también innegable el interés de los ayuntamientos de apoyar el cooperativismo local.

A día de hoxe, a Xunta convoca unhas axudas para a creación de cooperativas, pero existen grandes carencias nas accións dirixidas ó impulso de este tipo de entidade trala súa creación. Por iso, concellos como Santiago teñen impulsado axudas destinadas a cooperativas de recente creación co obxectivo de axudarlles co financiamento dos gastos correntes, o que supón para elas unha das maiores e habituais dificultades á hora de consolidar este tipo de proxectos.

A día de hoy, la Xunta convoca unas ayudas para la creación de cooperativas, pero existen grandes carencias en las acciones dirigidas al impulso de este tipo de entidad tras su creación. Por eso, ayuntamientos como Santiago han impulsado ayudas destinadas a las cooperativas de reciente creación con el objetivo de ayudarles con la financiación de los gastos corrientes, lo que supone para ellas una de las mayores y habituales dificultades a la hora de consolidar este tipo de proyectos.

Mais alá de accións de tipo económico, dende o Concello da Coruña, pódense levar a efecto accións de promoción do cooperativismo noutros ámbitos.

Mas allá de acciones de tipo económico, desde el Ayuntamiento de A Coruña, se pueden llevar a efecto acciones de promoción del cooperativismo en otros ámbitos.

Así, en primeiro lugar, cumpriría dar a coñecer entre a veciñanza as cooperativas que operan na cidade, así como servizos que ofrecen. Así con este obxectivo, consideramos que debe organizarse unha feira anual de cooperativas coruñesas, unha feira que conte co debido apoio institucional e con publicidade dirixida tanto ó público xeral como ó tecido empresarial da cidade.

Así, en primer lugar, habría que dar a conocer entre la vecindad a las cooperativas que operan en la ciudad, así como servicios que ofrecen. Así con este objetivo, consideramos que debe organizarse una feria anual de cooperativas coruñesas, una feria que cuente con el debido apoyo institucional y con publicidad dirigida tanto al público general como al tejido empresarial de la ciudad.

En segundo lugar, sería necesario que se divulgase entre as persoas en busca de emprego a existencia e funcionamento de este tipo de entidades a través de cursos específicos de sensibilización e formación en aspectos como constitución, liñas de financiación e

En segundo lugar, sería necesario que se divulgara entre las personas en busca de empleo la existencia y funcionamiento de este tipo de entidades a través de cursos específicos de sensibilización y formación en aspectos como constitución, líneas de financiación y funcionamiento de las

funcionamento das cooperativas. Para a consecución de este obxectivo é fundamental a colaboración con entidades galegas do fomento do cooperativismo que contan xa con ampla experiencia na súa divulgación.

cooperativas. Para la consecución de este objetivo es fundamental la colaboración con entidades gallegas del fomento del cooperativismo que cuentan ya con amplia experiencia en su divulgación.

E en terceiro lugar, é necesario abordar a promoción das cooperativas cuxo obxecto social é a creación artesanal vinculándoa a promoción turística da cidade.

Y en tercer lugar, es necesario abordar la promoción de las cooperativas cuyo objeto social es la creación artesanal vinculándola la promoción turística de la ciudad.

Finalmente, consideramos fundamental que o Servizo de Contratación incorpore cláusulas sociais que valoren especialmente as entidades de economía social, tendo en conta o labor tan importante que desempeñan á hora de promover a inserción social de persoas en risco de exclusión social, pero tamén garantindo un maior reparto da riqueza e un maior compromiso co desenvolvemento local.

Finalmente, consideramos fundamental que el Servicio de Contratación incorpore cláusulas sociales que valoren especialmente las entidades de economía social, teniendo en cuenta la labor tan importante que desempeñan a la hora de promover la inserción social de personas en riesgo de exclusión social, pero también garantizando un mayor reparto de la riqueza y un mayor compromiso con el desarrollo local.

Por todo isto pedimos o seu voto favorable a esta moción. Grazas.

Por todo esto pedimos su voto favorable a esta moción. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Grazas señor Soto. Turno do Partido Popular, señora Fariñas.

Gracias señor Soto. Turno del Partido Popular, señora Fariñas.

Ás doce horas e cincuenta e seis minutos entra do Salón de Sesións o señor Rodríguez Martínez

A las doce horas y cincuenta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Rodríguez Martínez.

Señora Fariñas Andón

Señora Fariñas Andón

Grazas señora alcaldesa. Bos días a todos os presentes e todos aqueles que están a seguir este pleno.

Gracias señora alcaldesa. Buenos días a todos los presentes y todos aquellos que están siguiendo este pleno.

Señores do BNG, traen vostedes hoxe unha moción que nos mostra, unha vez máis, que renunciaron a facer oposición. Desde o punto de vista de cidade, que nos achega? cren que é prioritario? Preséntanse como alternativa pero

Señores del BNG, traen ustedes hoy una moción que nos muestra, una vez más, que han renunciado a hacer oposición. Desde el punto de vista de ciudad ¿qué nos aporta? ¿creen que es prioritario? Se presentan como alternativa pero siguen siendo

seguen sendo cómplices deste goberno. Teñen un discurso crítico, pero logo si que hai cooperativismo para chegar a pactos como nos deixan, están a deixar ver, co seu posicionamento en relación co parque do Agra, As Xubias, o parque de Oza etc. Mostran unha cara cos veciños e logo apoian ao Goberno cos seus votos.

cómplices de este gobierno. Tienen un discurso crítico, pero luego sí que hay cooperativismo para llegar a pactos como nos dejan, están dejando ver, con su posicionamiento en relación con el parque del Agra, As Xubias, el parque de Oza, etc. Muestran una cara con los vecinos y luego apoyan al Gobierno con sus votos.

Efectivamente, o contexto laboral e empresarial actual está marcado pola precariedade, aumento da desigualdade e as dificultades de moitos traballadores para chegar a fin de mes. Os autónomos, por exemplo, cada vez teñen máis problemas para levantar as persianas dos seus negocios. A Coruña pode converterse nun referente do cooperativismo, pero que se necesita? Que o Goberno municipal teña interese e impulse políticas que favorezan non só a creación de cooperativas senón tamén a súa consolidación.

Efectivamente, el contexto laboral y empresarial actual está marcado por la precariedad, aumento de la desigualdad y las dificultades de muchos trabajadores para llegar a fin de mes. Los autónomos, por ejemplo, cada vez tienen más problemas para levantar las persianas de sus negocios. A Coruña puede convertirse en un referente del cooperativismo, pero ¿qué se necesita? Que el Gobierno municipal tenga interés e impulse políticas que favorezcan no solo la creación de cooperativas sino también su consolidación.

Como ben dixo o señor Soto, a Xunta xa ofrece axudas para a creación de cooperativas, pero necesítanse tamén as axudas dos concellos, servizos, axilidade na concesión de licenzas e, principalmente, no que a financiamento se refire.

Como bien ha dicho el señor Soto, la Xunta ya ofrece ayudas para la creación de cooperativas, pero se necesitan también las ayudas de los ayuntamientos, servicios, agilidad en la concesión de licencias y, principalmente, en lo que a financiación se refiere.

Con todo, a situación financeira na que se atopa este concello —remitámonos ás advertencias do interventor sobre o déficit e á necesidade de axustes orzamentarios, recortes—, como vai afectar á dinamización económica, ao apoio a asociacións, empresas locais cooperativas?

Sin embargo, la situación financiera en la que se encuentra este ayuntamiento —remitámonos a las advertencias del interventor sobre el déficit y a la necesidad de ajustes presupuestarios, recortes—, ¿cómo va a afectar a la dinamización económica, al apoyo a asociaciones, empresas locales cooperativas?

Ver con optimismo esta foto fixa, como di o señor Lage, si que é vivir nos mundos de Yupi, señora Veira.

Ver con optimismo esta foto fixa, como dice el señor Lage, sí que es vivir en los mundos de Yupi, señora Veira.

Desde o Grupo municipal do Partido Popular apoiaremos esta moción porque, evidentemente, estamos de acordo ca creación de axudas para o

Desde el Grupo municipal del Partido Popular apoyaremos esta moción porque, evidentemente, estamos de acuerdo con la creación de ayudas para el

emprendemento, en xeral. Impulsar programas e cursos específicos para que a mocidade conte cun abanico máis amplo de posibilidades que xeren emprego. A difusión de actividades de artesáns locais, informando as persoas que visitan a cidade na gran oferta artesanal que conta A Coruña.

Como poñían na súa moción, en concreto fálannos de que o Goberno debe organizar e dar publicidade a un mercado artesanal de Nadal, publicidade si que lle dan, agora o de organizar o mercado, deixámolo aí.

Esta moción aprobarase e, como outras tantas, quedará esquecida. Aínda así, reiteramos o noso apoio, como non pode ser doutra maneira, a todas as iniciativas que supoñan calquera tipo de mellora para a cidadanía. O PP apoia as iniciativas empresariais que xeran emprego.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Fariñas. Turno do Goberno, señora Canosa.

Señora Canosa Domínguez

Grazas señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas e grazas señor Soto, adiántolle que imos a votar a favor da súa moción.

A Concellaría de Emprego entende o cooperativismo e a economía social como parte do seu ámbito de traballo. As cooperativas non son unha forma xurídica máis, son proxectos empresariais que sitúan ás persoas no centro, que apostan polo emprego estable, pola xestión democrática e pola xeración de actividade vinculada á comunidade. Combinan dinamización económica e cohesión

emprendimiento, en general. Impulsar programas y cursos específicos para que la juventud cuente con un abanico más amplio de posibilidades que generen empleo. La difusión de actividades de artesanos locales, informando a las personas que visitan la ciudad en la gran oferta artesanal que cuenta A Coruña.

Como ponían en su moción, en concreto nos hablan de que el Gobierno debe organizar y dar publicidad a un mercado artesanal de Navidad, publicidad sí que le dan, ahora lo de organizar el mercado, lo dejamos ahí.

Esta moción se aprobará y, como otras tantas, quedará olvidada. Aun así, reiteramos nuestro apoyo, como no puede ser de otra manera, a todas las iniciativas que supongan cualquier tipo de mejora para la ciudadanía. El PP apoya las iniciativas empresariales que generan empleo.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Fariñas. Turno del Gobierno, señora Canosa.

Señora Canosa Domínguez

Gracias señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas y gracias señor Soto, le adelanto que vamos a votar a favor de su moción.

La Concejalía de Empleo entiende el cooperativismo y la economía social como parte de su ámbito de trabajo. Las cooperativas no son una forma jurídica más, son proyectos empresariales que sitúan a las personas en el centro, que apuestan por el empleo estable, por la gestión democrática y por la generación de actividad vinculada a la comunidad. Combinan dinamización económica y

social e, por iso, encaixan coa visión que temos como Goberno do desenvolvemento económico local.

Dito isto, é importante aclarar que o Concello da Coruña non parte de cero nesta materia. O Concello mantén unha cooperación estable con EspazoCoop, que é a unión de cooperativas galegas, entidade de referencia no eido do cooperativismo en Galicia. Precisamente no exercicio 2025 existe un convenio que permitiu que se desenvolvesen programas de emprendemento en materia de economía social. A través desa colaboración, impulsáronse accións de asesoramento, de acompañamento, de formación e de divulgación. Son actuacións, todas elas, que van na liña da súa moción.

A iso súmase o Programa Semente, impulsado desde o ámbito educativo municipal, polo que pasaron preto de 6.000 alumnos e alumnas. Os nenos e nenas crean e xestionan unha cooperativa escolar.

Respecto a creación dunha liña de axudas para as cooperativas, pois recollemos a proposta, comprometémonos a analizar a súa viabilidade no marco do orzamento municipal e do mapa de axudas xa existente.

No relativo á visibilidade do tecido cooperativo, compartimos ese obxectivo. É importante que a cidadanía coñeza estas entidades, que saiba que servizos ofrecen e que o tecido empresarial coruñés poida identificalas como aliadas, provedoras e colaboradoras. A proposta dunha feira anual de economía social é acaída sempre que se traballe en diálogo co propio sector e co EspazoCoop para construír un espazo realmente útil. Tamén vemos positivo avanzar nun directorio público de entidades de economía social.

cohesión social y, por eso, encajan con la visión que tenemos como Gobierno del desarrollo económico local.

Dicho esto, es importante aclarar que el Ayuntamiento de A Coruña no parte de cero en esta materia. El Ayuntamiento mantiene una cooperación estable con EspazoCoop, que es la unión de cooperativas gallegas, entidad de referencia en el ámbito del cooperativismo en Galicia. Precisamente en el ejercicio 2025 existe un convenio que permitió que se desarrollaran programas de emprendimiento en materia de economía social. A través de esa colaboración, se impulsaron acciones de asesoramiento, de acompañamiento, de formación y de divulgación. Son actuaciones, todas ellas, que van en la línea de su moción.

A eso se suma el Programa Semente, impulsado desde el ámbito educativo municipal, por el que pasaron cerca de 6.000 alumnos y alumnas. Los niños y niñas crean y gestionan una cooperativa escolar.

Respecto a creación de una línea de ayudas para las cooperativas, pues recogemos la propuesta, nos comprometemos a analizar su viabilidad en el marco del presupuesto municipal y del mapa de ayudas ya existente.

En lo relativo a la visibilidad del tejido cooperativo, compartimos ese objetivo. Es importante que la ciudadanía conozca estas entidades, que sepa qué servicios ofrecen y que el tejido empresarial coruñés pueda identificarlas como aliadas, proveedoras y colaboradoras. La propuesta de una feria anual de economía social es apropiada siempre que se trabaje en diálogo con el propio sector y con el EspazoCoop para construir un espacio realmente útil. También vemos positivo avanzar en un directorio público de entidades de economía social.

Sobre a divulgación do cooperativismo entre a mocidade e as persoas en situación de desemprego, comprometémonos a integrar esa liña nas accións formativas do Servizo municipal de Emprego coa colaboración de entidades especializadas, e sobre a vinculación da artesanía local coas políticas de promoción turística, pode estudarse desde as áreas correspondentes, por suposto, na contratación pública compartimos o obxectivo de reforzar esa dimensión social.

Sobre la divulgación del cooperativismo entre la juventud y las personas en situación de desempleo, nos comprometemos a integrar esa línea en las acciones formativas del Servicio municipal de Empleo con la colaboración de entidades especializadas, y sobre la vinculación de la artesanía local con las políticas de promoción turística, puede estudiarse desde las áreas correspondientes, por supuesto, en la contratación pública compartimos el objetivo de reforzar esa dimensión social.

En definitiva, esta moción aborda unha materia na que o Concello xa está a traballar pero que ten que seguir avanzando na colaboración de proxectos cooperativos, na visibilización do tecido existente e na valorización da artesanía local e, por suposto, reforzo da dimensión social das políticas municipais.

En definitiva, esta moción aborda una materia en la que el Ayuntamiento ya está trabajando pero que tiene que seguir avanzando en la colaboración de proyectos cooperativos, en la visibilización del tejido existente y en la valorización de la artesanía local y, por supuesto, refuerzo de la dimensión social de las políticas municipales.

Nada máis, moitas grazas.

Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Procedemos á votación de esta moción.

Procedemos a la votación de esta moción.

Votación da segunda moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Votación de la segunda moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego.

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o impulso do cooperativismo, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el impulso del cooperativismo, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (8 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (8 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Presidencia

Grazas, queda aprobada por unanimidade.

Gracias, queda aprobada por unanimidad.

74. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa o impulso do cooperativismo

74. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego relativa al impulso del cooperativismo

Acordo

Acuerdo

1. Instar o Goberno local a crear unha liña de axudas para cooperativas de recente creación que desenvolvan as súas actividades no termo municipal da Coruña, co obxectivo de favorecer a súa consolidación.

1. Instar al Gobierno local a crear una línea de ayudas para cooperativas de reciente creación que desarrollen sus actividades en el término municipal de A Coruña, con el objetivo de favorecer su consolidación.

2. Instar o Goberno local a impulsar programas específicos que sirvan para divulgar entre a veciñanza e o tecido empresarial os servizos ofrecidos polas cooperativas e outras empresas de economía social na cidade. En particular, ínstase ao Goberno local a organizar e dar publicidade a unha feira anual de empresas de economía social, así como a crear unha base de datos pública que recolla as entidades deste tipo que operen no termo municipal da Coruña.

2. Instar al Gobierno local a impulsar programas específicos que sirvan para divulgar entre el vecindario y el tejido empresarial los servicios ofrecidos por las cooperativas y otras empresas de economía social en la ciudad. En particular, se insta al Gobierno local a organizar y dar publicidad a una feria anual de empresas de economía social, así como a crear una base de datos pública que recoja las entidades de este tipo que operen en el término municipal de A Coruña.

3. Instar o Goberno local a divulgar entre a mocidade e as persoas en situación de desemprego as posibilidades de autoemprego que ofrece o cooperativismo, a través de cursos e obradoiros específicos que formen en aspectos como a creación e xestión de empresas de economía social. A este efecto, debe contarse coa colaboración das entidades galegas de impulso do cooperativismo.

na rúa das Xubias de Arriba son reiterados os actos de vandalismo, algúns de grande gravidade, que están a provocar o lóxico sentimento de alarma e inseguridade na veciñanza. Desfeitas no mobiliario urbano, pintadas en coches e fachadas, rascaduras ou rotura de parabrisas nos vehículos, tres coches queimados, dous dos cales ficaron calcinados, é o parte de guerra do acontecido nos últimos tempos. Por ese motivo, veciños e veciñas demandan a adopción de medidas para intentar atallar esta situación, tais como a instalación de cámaras que axuden a identificar os responsábeis destes actos, o reforzo da vixilancia por parte da Policía Local ou recabar a colaboración da Policía Nacional para rematar con estes actos vandálicos.

meses en calle de As Xubias de Arriba son reiterados los actos de vandalismo, algunos de gran gravedad, que están provocando el lógico sentimiento de alarma e inseguridad en la vecindad. Destrozos en el mobiliario urbano, pintadas en coches y fachadas, rascaduras o rotura de parabrisas en los vehículos, tres coches quemados, dos de los cuales quedaron calcinados, es el parte de guerra de lo sucedido en los últimos tiempos. Por ese motivo, vecinos y vecinas demandan la adopción de medidas para intentar atajar esta situación, tales como la instalación de cámaras que ayuden a identificar los responsables de estos actos, el refuerzo de la vigilancia por parte de la Policía Local o recabar la colaboración de la Policía Nacional para terminar con estos actos vandálicos.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza o seguinte, rogo: que o Goberno municipal adopte as medidas necesarias para intentar atallar a reiteración de actos de vandalismo nas Xubias de Arriba, tais como a instalación de cámaras que axuden a identificar os responsábeis destes actos, o reforzo da vixilancia por parte da Policía Local ou recabar a colaboración da Policía Nacional para rematar con estes actos vandálicos.

En consecuencia, el Grupo Municipal del BNG realiza el siguiente, ruego: que el Gobierno municipal adopte las medidas necesarias para intentar atajar la reiteración de actos de vandalismo en As Xubias de Arriba, tales como la instalación de cámaras que ayuden a identificar los responsables de estos actos, el refuerzo de la vigilancia por parte de la Policía Local o recabar la colaboración de la Policía Nacional para terminar con estos actos vandálicos.

Terceiro. Rogo oral a respecto da entrada de augas nos garaxes situados nos números 5 e 7 da rúa Juan Neira.

Tercero. Ruego oral respecto a la entrada de aguas en los garajes situados en los números 5 y 7 de la calle Juan Neira*.*

En días de chuvia intensa é un problema recorrente que as augas que baixan polo parque de Oza acaben entrando nos garaxes situados nos números 5 e 7 da rúa Juan Neira. Este problema pon en evidencia deficiencias no sistema de drenaxe e canalización das augas no parque ou na rúa Joaquín Galiacho, que discorre en pendente á beira do mesmo e entronca coa rúa Juan Neira. Pese ás reiteradas demandas de veciños e

En días de lluvia intensa es un problema recurrente que las aguas que bajan por el parque de Oza acaben entrando en los garajes situados en los números 5 y 7 de la calle Juan Neira. Este problema pone en evidencia deficiencias en el sistema de drenaje y canalización de las aguas en el parque o en calle Joaquín Galiacho, que discurre en pendiente al lado del mismo y entronca con la calle Juan Neira. Pese a las reiteradas demandas de vecinos y

veciñas, aínda non se procurou unha solución a este problema.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza o seguinte, rogo: que o Goberno municipal dea as instrucións oportunas para resolver a recorrente entrada de augas en días de intensa chuvia nos garaxes situados nos números 5 e 7 da rúa Juan Neira.

Cuarto. Rogo oral a respecto da necesidade de rematar as obras de ampliación da biblioteca municipal da Sagrada Familia.

Señora Queixas Zas

En xaneiro de 2025 comezaron as obras de ampliación da biblioteca municipal da Sagrada Familia. Con esta actuación o Goberno municipal atendía, por fin, unha demanda longamente adiada. O obxectivo do proxecto é ampliar e atender mellor a oferta de servizos sociocomunitarios da biblioteca do barrio, desde o seu valor de centralidade e carácter cohesionador tan necesario no barrio. As obras de ampliación tiñan unha duración prevista de catro meses, polo que deberían estar finalizadas e abertas ao público en maio de 2025. A realidade é que, transcorrido un ano desde a data prevista de finalización, a obra está practicamente rematada, mais pechada ao público desde hai meses.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza o seguinte rogo: que o Goberno local se comprometa a rematar, á maior brevidade, as obras de ampliación da biblioteca da Sagrada Familia para abrilas ó público canto antes e poder pór en marcha o proxecto deseñado desde a Rede de bibliotecas municipais da Coruña.

Ás catorce horas e cincuenta minutos entra no Salón de Sesións a señora

vecinas, aun no se buscó una solución a este problema.

En consecuencia, el Grupo Municipal del BNG realiza el siguiente, ruego: que el Gobierno municipal dé las instrucciones oportunas para resolver la recurrente entrada de aguas en días de intensa lluvia en los garajes situados en los números 5 y 7 de la calle Juan Neira.

Cuarto. Ruego oral respecto a la necesidad de terminar las obras de ampliación de la biblioteca municipal de la Sagrada Familia.

Señora Queixas Zas

En enero de 2025 comenzaron las obras de ampliación de la biblioteca municipal de la Sagrada Familia. Con esta actuación el Gobierno municipal atendía, por fin, una demanda largamente retrasada. El objetivo del proyecto es ampliar y atender mejor la oferta de servicios sociocomunitarios de la biblioteca del barrio, desde su valor de centralidad y carácter cohesionador tan necesario en el barrio. Las obras de ampliación tenían una duración prevista de cuatro meses, por lo que deberían estar finalizadas y abiertas al público en mayo de 2025. La realidad es que, transcurrido un año desde la fecha prevista de finalización, la obra está prácticamente terminada, pero cerrada al público desde hace meses.

En consecuencia, el Grupo Municipal del BNG realiza el siguiente ruego: que el Gobierno local se comprometa a terminar, a la mayor brevedad, las obras de ampliación de la biblioteca de la Sagrada Familia para abrirlas al público lo antes posible y poder poner en marcha el proyecto diseñado desde la Red de bibliotecas municipales de A Coruña.

A las catorce horas y cincuenta minutos entra en el Salón de Sesiones la señora

Canosa Domínguez.

Quinto. Rogo oral a respecto do cumprimento do acordo plenario para a creación do espazo Groba.

No pleno de decembro de 2025 este pleno aprobou por unanimidade o seguinte acordo: primeiro, crear na Coruña o espazo Groba como sede do legado musical do compositor Rogelio Groba, depositado na Fundación homónima, co fin de garantir a preservación, accesibilidade e difusión do legado do autor musical galego contemporáneo máis prolífico e recoñecido, así como ilustre veciño da nosa cidade e mestre referente das últimas xeracións de músicos do país; en segundo lugar, incrementar, de forma axeitada e suficiente, o importe do convenio nominativo que mantén a Fundación Groba co Concello de forma que garanta a realización da próxima edición de *Noites na Cidade Vella* como actividade dirixida a democratizar a cultura facéndoa accesible a todo o mundo. Transcorridos cinco meses deste acordo, nin o Grupo municipal do BNG que impulsou aquela moción nin a Fundación Rogelio Groba, como soporte do legado do compositor que lle dá nome, temos coñecemento de que o Goberno local teña iniciado a materialización deste primeiro punto do acordo.

En consecuencia, o Grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo: que o Goberno municipal comece canto antes, en comunicación coa Fundación Rogelio Groba, a deseñar a creación do espazo Groba para dar cumprimento ó acordo plenario de decembro de 2025, co fin de garantir a preservación, accesibilidade e difusión do legado do ilustre veciño da Coruña e autor musical galego contemporáneo máis prolífico e recoñecido.

Canosa Domínguez.

Quinto. Ruego oral respecto al cumplimiento del acuerdo plenario para la creación del espacio Groba.

En el pleno de diciembre de 2025 este pleno aprobó por unanimidad el siguiente acuerdo: primero, crear en A Coruña el espacio Groba como sede del legado musical del compositor Rogelio Groba, depositado en la Fundación homónima, con el fin de garantizar la preservación, accesibilidad y difusión del legado del autor musical gallego contemporáneo más prolífico y reconocido, así como ilustre vecino de nuestra ciudad y maestro referente de las últimas generaciones de músicos del país; en segundo lugar, incrementar, de forma adecuada y suficiente, el importe del convenio nominativo que mantiene la Fundación Groba con el Ayuntamiento de forma que garantice la realización de la próxima edición de "Noches en la Ciudad Vieja" como actividad dirigida a democratizar la cultura haciéndola accesible a todo el mundo. Transcurridos cinco meses de este acuerdo, ni el Grupo municipal del BNG que impulsó aquella moción ni la Fundación Rogelio Groba, como soporte del legado del compositor que le da nombre, tenemos conocimiento de que el Gobierno local haya iniciado la materialización de este primer punto del acuerdo.

En consecuencia, el Grupo municipal del BNG realiza el siguiente ruego: que el Gobierno municipal comience lo antes posible, en comunicación con la Fundación Rogelio Groba, a diseñar la creación del espacio Groba para dar cumplimiento al acuerdo plenario de diciembre de 2025, con el fin de garantizar la preservación, accesibilidad y difusión del legado del ilustre vecino de A Coruña y autor musical gallego contemporáneo más prolífico y reconocido.

Presidencia

Ben, moitas grazas.

ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Primeiro. Rogo oral relativo a acceso ós campamentos municipais de nenos e nenas institucionalizados ou baixo a tutela da Comunidade Autónoma.

Intervencións

Presidencia

Turno dos rogos do Partido Popular.

Señora López Sánchez

Gracias, alcaldesa.

Rogo oral relativo a acceso ós campamentos municipais de nenos e nenas institucionalizados ou baixo a tutela da Comunidade Autónoma.

Os campamentos municipais ofrecen aos nenos e nenas institucionalizados ou baixo a tutela das comunidades autónomas unha oportunidade única para o seu desenvolvemento integral. Lonxe do entorno habitual dos centros de acollida, estes espazos proporcionan experiencias enriquecedoras que fomentan a autonomía, a autoestima e a confianza en si mesmos. Os campamentos ofrecen unha contorna segura e estruturada, permítenlles desconectar de posibles situacións de estrés ou incerteza asociadas á súa situación familiar. A participación en campamentos facilita a inclusión social dos nenos, permitíndolles interactuar con outros menores de diversos contextos e favorecendo a integración na comunidade. Estas vivencias contribúen a

Presidencia

Bien, muchas gracias.

RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Primero. Ruego oral relativo a acceso a los campamentos municipales de niños y niñas institucionalizados o bajo la tutela de la Comunidad Autónoma.

Intervenciones

Presidencia

Turno de los ruegos del Partido Popular.

Señora López Sánchez

Gracias, alcaldesa.

Ruego oral relativo a acceso a los campamentos municipales de niños y niñas institucionalizados o bajo la tutela de la Comunidad Autónoma.

Los campamentos municipales ofrecen a los niños y niñas institucionalizados o bajo la tutela de las comunidades autónomas una oportunidad única para su desarrollo integral. Lejos del entorno habitual de los centros de acogida, estos espacios proporcionan experiencias enriquecedoras que fomentan la autonomía, la autoestima y la confianza en sí mismos. Los campamentos ofrecen un entorno seguro y estructurado, les permiten desconectar de posibles situaciones de estrés o incertidumbre asociadas a su situación familiar. La participación en campamentos facilita la inclusión social de los niños, permitiéndoles interactuar con otros menores de diversos contextos y favoreciendo la integración en la comunidad. Estas vivencias contribuyen a

reducir a estigmatización que a miúdo enfrontan. Os campamentos constitúen unha ferramenta valiosa para apoiar o desenvolvemento emocional, social e educativo dos nenos en situación de tutela, brindándolles oportunidades que doutro xeito poderían non estar ao seu alcance.

reducir la estigmatización que a menudo enfrentan. Los campamentos constituyen una herramienta valiosa para apoyar el desarrollo emocional, social y educativo de los niños en situación de tutela, brindándoles oportunidades que de otro modo podrían no estar a su alcance.

Tendo en conta todo o exposto, dende o Grupo municipal do Partido Popular presentamos o seguinte rogo: solicitamos o deseño dun baremo de valoración para o acceso aos campamentos municipais que contemple como cuestión prioritaria o feito de que o menor que solicita a praza, sexa un menor institucionalizado ou baixo a tutela da Comunidade Autónoma, como así acontece noutros recursos como son as bolsas comedor.

Teniendo en cuenta de todo lo expuesto desde el Grupo municipal del Partido Popular presentamos el siguiente ruego: solicitamos el diseño de un baremo de valoración para el acceso a los campamentos municipales que contemple como cuestión prioritaria el hecho de que el menor que solicita la plaza, sea un menor institucionalizado o bajo la tutela de la Comunidad Autónoma, como así sucede en otros recursos como son las becas comedor.

Segundo. Rogo oral relativo á accesibilidade da biblioteca municipal de Durán Loriga.

Segundo. Ruego oral relativo a la accesibilidad de la biblioteca municipal de Durán Loriga.

Con motivo do Día do Libro, tiven a oportunidade de asistir a un acto organizado polo Goberno municipal na Biblioteca Municipal Durán Loriga, un espazo que, sen dúbida, debería ser símbolo de acceso á cultura, á participación e á igualdade de oportunidades para toda a cidadanía. Porén, a realidade coa que me atopei dista moito destes principios. Como persoa usuaria de cadeira de rodas, experimentei serias dificultades para acceder ó recinto, dificultades que non son anecdóticas nin puntuais, senón que evidencian unha falta de accesibilidade que resulta inaceptable nun equipamento público. Non estamos a falar só dunha cuestión técnica ou arquitectónica, estamos a falar de dereitos, do dereito a participar na vida cultural da cidade en igualdade de condicións, do dereito a non atopar barreiras onde debería haber portas abertas. A accesibilidade non pode ser

Con motivo del Día del Libro, tuve la oportunidad de asistir a un acto organizado por el Gobierno municipal en la Biblioteca Municipal Durán Loriga, un espacio que, sin duda, debería ser símbolo de acceso a la cultura, a la participación y a la igualdad de oportunidades para toda la ciudadanía. Sin embargo, la realidad con la que me encontré dista mucho de estos principios. Como persona usuaria de silla de ruedas, experimenté serias dificultades para acceder al recinto, dificultades que no son anecdóticas ni puntuales, sino que evidencian una falta de accesibilidad que resulta inaceptable en un equipamiento público. No estamos hablando solo de una cuestión técnica o arquitectónica, estamos hablando de derechos, del derecho a participar en la vida cultural de la ciudad en igualdad de condiciones, del derecho a no encontrar barreras donde debería haber puertas abiertas. La accesibilidad no puede ser

unha opción nin unha cuestión secundaria, é unha obriga legal, pero sobre todo é un compromiso ético cunha cidade que debería aspirar a ser inclusiva, moderna e respectuosa coa diversidade das persoas que a habitan.

una opción ni una cuestión secundaria, es una obligación legal, pero sobre todo es un compromiso ético con una ciudad que debería aspirar a ser inclusiva, moderna y respetuosa con la diversidad de las personas que la habitan.

Por todo o exposto, dende o Grupo municipal do Partido Popular, presentamos o seguinte rogo: pedimos ó Goberno municipal que adopte, con carácter urxente, as medidas necesarias para garantir a plena accesibilidade da biblioteca municipal Durán Loriga. Así mesmo, solicitamos que se leve a cabo unha avaliación rigorosa do estado de accesibilidade deste equipamento contando coa participación de persoas con discapacidade para asegurar que as solucións que se adopten sexan reais, eficaces e pensadas desde a experiencia directa, porque unha cidade que elimina barreiras non só cumpre coa lei: fai xustiza, dignifica e constrúe unha Coruña mellor para todas e todos.

Por todo lo expuesto, desde el Grupo municipal del Partido Popular, presentamos el siguiente ruego: pedimos al Gobierno municipal que adopte, con carácter urgente, las medidas necesarias para garantizar la plena accesibilidad de la biblioteca municipal Durán Loriga. Asimismo, solicitamos que se lleve a cabo una evaluación rigurosa del estado de accesibilidad de este equipamiento contando con la participación de personas con discapacidad para asegurar que las soluciones que se adopten sean reales, eficaces y pensadas desde la experiencia directa, porque una ciudad que elimina barreras no solo cumple con la ley: hace justicia, dignifica y construye una Coruña mejor para todas y todos.

Terceiro. Rogo oral relativo á accesibilidade do Concello da Coruña.

Tercero. Ruego oral relativo a la accesibilidad del Ayuntamiento de A Coruña.

E por último, rogo oral relativo á accesibilidade do Concello da Coruña. O Grupo municipal do Partido Popular realiza o seguinte rogo: o cambio do elevador da entrada, que non permite o acceso a moitos usuarios de cadeiras de rodas automáticas debido ao seu tamaño, instalando un máis moderno que permita unha maior autonomía; a instalación dun timbre na entrada accesible para usuarios en cadeira de rodas que permita avisar ao persoal correspondente; facilitar a orientación nas salas e no edificio a través de pictogramas ás persoas con discapacidade cognitiva; facilitar os desprazamentos dentro do recinto así como aos contidos e á información usando Braille, audioguías e vídeos audiodescritos a aquelas persoas con

Y por último, ruego oral relativo a la accesibilidad del Ayuntamiento de A Coruña. El Grupo municipal del Partido Popular realiza el siguiente ruego: el cambio del elevador de la entrada, que no permite el acceso a muchos usuarios de sillas de ruedas automáticas debido a su tamaño, instalando uno más moderno que permita una mayor autonomía; la instalación de un timbre en la entrada accesible para usuarios en silla de ruedas que permita avisar al personal correspondiente; facilitar la orientación en las salas y en el edificio a través de pictogramas a las personas con discapacidad cognitiva; facilitar los desplazamientos dentro del recinto así como a los contenidos y a la información usando Braille, audioguías y vídeos

discapacidade visual; e instalar un sistema de bucle magnético no Salón de Plenos así como dispor de equipos de frecuencia modulada para persoas con discapacidade auditiva. Grazas.

Cuarto. Rogo oral relativo á Final Four Baloncesto.

Señor Mora do Campo

Boas tardes. O Básquet Coruña finalizou a tempada regular da segunda máxima categoría do baloncesto nacional cun resultado histórico e moi exitoso. En cada partido que xogou como local, o equipo foi apoiado por unha media de máis de 5.000 espectadores que demostraron que a nosa cidade quere baloncesto. Unha vez concluída a liga regular, o equipo comezará a disputar a eliminatoria de ascenso á liga ACB, a máxima categoría nacional e considerada como a segunda mellor do mundo. Unha vez que se xogue o primeiro cruzamento da eliminatoria, os catro mellores equipos disputarán unha final a catro nunha mesma sede. O Club foi asignado para organizar esta fase que supoñerá poder contar co apoio da súa afección, demostrar que o baloncesto ten arraigamento e posicionar a cidade como un referente. Nos últimos meses, froito da mala xestión deste goberno municipal ou por ausencia dela a cidade perdeu o poder ser Mundial, sede do Mundial de fútbol e perdeu o que probablemente será un dos concertos do ano en Galicia.

Por todo iso, o Grupo municipal do Partido Popular roga ó Goberno municipal que non perda un momento máis e apoie de xeito decidido a organización da Final Four de Baloncesto que outorga unha praza á liga ACB a través, non só da cesión de espazos municipais, senón co apoio económico necesario para poder

audiodescritos a aquellas personas con discapacidad visual; e instalar un sistema de bucle magnético en el Salón de Plenos así como disponer de equipos de frecuencia modulada para personas con discapacidad auditiva. Gracias.

Cuarto. Ruego oral relativo a la Final Four Baloncesto.

Señor Mora do Campo

Buenas tardes. El Básquet Coruña finalizó la temporada regular de la segunda máxima categoría del baloncesto nacional con un resultado histórico y muy exitoso. En cada partido que ha jugado como local, el equipo ha sido apoyado por una media de más de 5.000 espectadores que han demostrado que nuestra ciudad quiere baloncesto. Una vez concluida la liga regular, el equipo comenzará a disputar los *play off* de ascenso a la Liga ACB, la máxima categoría nacional y considerada como la segunda mejor del mundo. Una vez que se juegue el primer cruce de la eliminatoria, los cuatro mejores equipos disputarán una *final four* en una misma sede. El Club ha sido asignado para organizar esta fase que supondrá poder contar con el apoyo de su afición, demostrar que el baloncesto tiene arraigo y posicionar a la ciudad como un referente. En los últimos meses, fruto de la mala gestión de este gobierno municipal o por ausencia de ella la ciudad perdió el haber podido ser Mundial, sede del Mundial de fútbol y perdió lo que probablemente será uno de los conciertos del año en Galicia.

Por todo ello, el Grupo municipal del Partido Popular ruega al Gobierno municipal que no pierda un momento más y apoye de manera decidida la organización de la Final Four de Baloncesto que otorga una plaza a la Liga ACB a través, no solo de la cesión de espacios municipales, sino con el apoyo económico necesario para poder albergar

albergar este evento. Moitas grazas.

Quinto. Rogo oral relativo a escaleiras mecánicas de Santo Agostiño.

Señor Coira Andrade

Moitas grazas. Rogo oral relativo ás escaleiras mecánicas de Santo Agostiño.

Reiteradamente, en cada pleno ao longo deste ano e en moitos plenos do ano anterior, pedimos, a pedimento dos veciños do barrio, o arranxo —para ver se algunha vez é posible que este rogo non teña que vir aquí— das escaleiras mecánicas de Santo Agostiño. Unha vez máis, atendendo as reiteradas queixas dos veciños, moitos deles de avanzada idade que reiteradamente, todos os días, realizan as súas compras no mercado e utilizan as escaleiras —non as mecánicas porque non funcionan—, por certo, as primeiras escaleiras mecánicas no ámbito urbano que se puxeron nesta cidade. A ver se dunha vez por todas arranxan estas escaleiras que unen a rúa Pío XII coa rúa Parque e que permiten o paso das persoas dunha escaleira mecánica móbil con bolsas a xente maior. Todos os días quéixanse e miran para elas que non saben se non vai ser unha escultura xa porque é que non se arranxan, é que non saben que pasa con este problema.

Por todo iso, o Grupo municipal do Partido Popular pide a Inés Rey que dea as instrucións necesarias aos servizos municipais para que se solucione dunha vez e se reparen estas escaleiras que os veciños do barrio demandan todos os días.

Presidencia

Ben, pois moitas grazas ó Grupo Popular.

este evento. Muchas gracias.

Quinto. Ruego oral relativo a escaleras mecánicas de San Agustín.

Señor Coira Andrade

Muchas gracias. Ruego oral relativo a las escaleras mecánicas de San Agustín.

Reiteradamente, en cada pleno a lo largo de este año y en muchos plenos del año anterior, hemos pedido, a petición de los vecinos del barrio, el arreglo —a ver si alguna vez es posible que este ruego no tenga que venir aquí— de las escaleras mecánicas de San Agustín. Una vez más, atendiendo a las reiteradas quejas de los vecinos, muchos de ellos de avanzada edad que reiteradamente, todos los días, realizan sus compras en el mercado y utilizan las escaleras —no las mecánicas porque no funcionan—, por cierto, las primeras escaleras mecánicas en el ámbito urbano que se pusieron en esta ciudad. A ver si de una vez por todas arreglan estas escaleras que unen la calle Pío XII con la calle Parque y que permiten el paso de las personas de una escalera mecánica móvil con bolsas a gente mayor. Todos los días se quejan y miran para ellas que no saben si no va a ser una escultura ya porque es que no se arreglan, es que no saben qué pasa con este problema.

Por todo ello, el Grupo municipal del Partido Popular pide a Inés Rey que dé las instrucciones necesarias a los servicios municipales para que se solucione de una vez y se reparen estas escaleras que los vecinos del barrio demandan todos los días.

Presidencia

Bien, pues muchas gracias al Grupo Popular.

Rogos escritos.

ROGO ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Único. Rogo escrito a respecto do estado da estrada do Porto.

Que o Goberno local, en coordinación coas outras administracións competentes, adopte as medidas necesarias para que se repoña e asegure o bo estado do firme e das beirarrúas na estrada de acceso ao porto e o ramal desta estrada que se dirixe cara á praia de Oza.

Que o Goberno local, en coordinación coa Autoridade Portuaria da Coruña, adopte, dunha vez por todas, as medidas pertinentes para poñer fin ás continuas verteduras de graneis na AC-10 e noutras vías polas que discorren camións con destino ou saída do porto.

Intervencións

Presidencia

Remata aquí este pleno ordinario.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás catorce horas e cincuenta e nove minutos, a Presidencia levanta a sesión, e se redacta a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Ruegos escritos.

RUEGO ESCRITO PRESENTADO POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Único. Ruego escrito respecto al estado de la carretera del Porto.

Que el Gobierno local, en coordinación con las otras administraciones competentes, adopte las medidas necesarias para que se reponga y asegure el buen estado del firme y de las aceras en la carretera de acceso al puerto y el ramal de esta carretera que se dirige hacia la playa de Oza.

Que el Gobierno local, en coordinación con la Autoridad Portuaria de A Coruña, adopte, de una vez por todas, las medidas pertinentes para poner fin a los continuos vertidos de graneles en la AC-10 y en otras vías por las que discurren camiones con destino o salida del puerto.

Intervenciones

Presidencia

Termina aquí este pleno ordinario.

No habiendo más asuntos que tratar, a las catorce horas y cincuenta y nueve minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.

Anexo

Declaración Institucional de adhesión ao manifesto do movemento CERMI ao que se suma a FEMP, con motivo do Día Nacional da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

A Corporación municipal da Coruña en Pleno manifesta a súa adhesión ao, manifesto do Movemento CERMI ao que se suma a FEMP, que se reproduce a continuación:

"3 de maio de 2026, Día Nacional en España da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, Vixésimo Aniversario da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade: unha guía, unha conquista colectiva e unha promesa de futuro.

O 3 de maio foi declarado polo Goberno, mediante decisión do Consello de Ministros e a suxestión do CERMI, Día Nacional en España da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, do 13 de decembro de 2006, conmemorando así a data na que este tratado internacional de dereitos humanos entrou en vigor en todos os Estados parte, incluída España.

O propósito deste Día Nacional é xerar coñecemento e provocar toma de conciencia, en todas as instancias, operadores, axentes e grupos de interese, da discapacidade como unha parte, digna e valiosa, da diversidade humana, que só pode entenderse e abordarse como unha cuestión de dereitos humanos.

Cómprense, en 2026, vinte anos da adopción deste tratado internacional histórico que supuxo un cambio de

Anexo

Declaración Institucional de adhesión al manifiesto del movimiento CERMI al que se suma la FEMP, con motivo del Día Nacional de la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad.

La Corporación municipal de A Coruña en Pleno manifiesta su adhesión al, manifiesto del Movimiento CERMI al que se suma la FEMP, que se reproduce a continuación:

"3 de mayo de 2026, Día Nacional en España de la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, Vigésimo Aniversario de la Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad: una guía, una conquista colectiva y una promesa de futuro.

El 3 de mayo fue declarado por el Gobierno, mediante decisión del Consejo de Ministros y a sugerencia del CERMI, Día Nacional en España de la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, de 13 de diciembre de 2006, conmemorando así la fecha en la que este tratado internacional de derechos humanos entró en vigor en todos los Estados parte, incluida España.

El propósito de este Día Nacional es generar conocimiento y provocar toma de conciencia, en todas las instancias, operadores, agentes y grupos de interés, de la discapacidad como una parte, digna y valiosa, de la diversidad humana, que solo puede entenderse y abordarse como una cuestión de derechos humanos.

Se cumplen, en 2026, veinte años de la adopción de este tratado internacional histórico que supuso un cambio de

paradigma na forma de entender a discapacidade en todo o mundo. A Convención consolidou definitivamente a consideración da discapacidade como unha cuestión de dereitos humanos, situando as persoas con discapacidade como titulares de pleno dereito, con capacidade para decidir sobre as súas propias vidas e participar en igualdade de condicións respecto ás e aos demais na sociedade.

paradigma en la forma de entender la discapacidad en todo el mundo. La Convención consolidó definitivamente la consideración de la discapacidad como una cuestión de derechos humanos, situando a las personas con discapacidad como titulares de pleno derecho, con capacidad para decidir sobre sus propias vidas y participar en igualdad de condiciones respeto a las y a los demás en la sociedad.

Trátase de ter unha concepción integral do apoio ás persoas, non só respondendo ás súas necesidades materiais, senón tamén poñendo o foco na súa esfera emocional. Vinte anos despois, desde o CERMI e a FEMP queremos celebrar este aniversario como un fito de progreso colectivo, recoñecer os avances alcanzados e reforzar o compromiso cunha inclusión plena e efectiva.

Se trata de tener una concepción integral del apoyo a las personas, no solo respondiendo a sus necesidades materiales, sino también poniendo el foco en su esfera emocional. Veinte años después, desde el CERMI y la FEMP queremos celebrar este aniversario como un hito de progreso colectivo, reconocer los avances alcanzados y reforzar el compromiso con una inclusión plena y efectiva.

A Convención representou unha auténtica disrupción no ámbito internacional de protección dos dereitos humanos e unha transformación profunda do enfoque tradicional cara á discapacidade. Fronte a visións asistencialistas ou meramente médicas, sentou as bases dun modelo sustentado na dignidade inherente, a autonomía persoal, a igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal e a participación plena na sociedade de todas as persoas con discapacidade, incluídas as mulleres e nenas con discapacidade.

La Convención representó una auténtica disrupción en el ámbito internacional de protección de los derechos humanos y una transformación profunda del enfoque tradicional hacia la discapacidad. Frente a visiones asistencialistas o meramente médicas, sentó las bases de un modelo sustentado en la dignidad inherente, la autonomía personal, la igualdad de oportunidades, la accesibilidad universal y la participación plena en la sociedad de todas las personas con discapacidad, incluidas las mujeres y niñas con discapacidad.

Grazas a este instrumento xurídico internacional vinculante, a discapacidade deixou de ser invisible no sistema global de dereitos humanos e pasou a ocupar un lugar moito máis destacado nas políticas públicas, na lexislación e na conciencia social.

Gracias a este instrumento jurídico internacional vinculante, la discapacidad dejó de ser invisible en el sistema global de derechos humanos y pasó a ocupar un lugar mucho más destacado en las políticas públicas, en la legislación y en la conciencia social.

A Convención foi tamén unha panca positiva para a actuación dos poderes

La Convención fue también una palanca positiva para la actuación de los poderes

públicos, ao proporcionar un marco estable para orientar leis, políticas e decisións públicas desde os principios de igualdade, inclusión, accesibilidade universal e participación. A súa achega non se limita á protección fronte á discriminación, senón que impulsa unha acción pública máis activadora, transversal e transformadora.

públicos, al proporcionar un marco estable para orientar leyes, políticas y decisiones públicas desde los principios de igualdad, inclusión, accesibilidad universal y participación. Su aportación no se limita a la protección frente a la discriminación, sino que impulsa una acción pública más proactiva, transversal y transformadora.

Nestas dúas décadas, a Convención impulsou cambios significativos que melloraron as condicións de vida de millóns de persoas con discapacidade e das súas familias. Entre os avances máis significativos destacan:

En estas dos décadas, la Convención impulsó cambios significativos que mejoraron las condiciones de vida de millones de personas con discapacidad y de sus familias. Entre los avances más significativos destacan:

1. O recoñecemento xurídico e a protección de dereitos, con reformas lexislativas en numerosos países para garantir a igualdade e combater a discriminación por motivo de discapacidade.

1. El reconocimiento jurídico y la protección de derechos, con reformas legislativas en numerosos países para garantizar la igualdad y combatir la discriminación por motivo de discapacidad.

2. Unha máis ampla participación das persoas con discapacidade e das súas organizacións representativas na gobernanza, na elaboración de políticas públicas, consolidando o principio de "nada sobre nós sen nós".

2. Una más amplia participación de las personas con discapacidad y de sus organizaciones representativas en la gobernanza, en la elaboración de políticas públicas, consolidando el principio de "nada sobre nosotros sin nosotros".

3. Avances na accesibilidade universal, que permitiron progresivamente eliminar barreiras nos espazos físicos, tecnolóxicos, comunicativos e cognitivos.

3. Avances en la accesibilidad universal, que permitieron progresivamente eliminar barreras en los espacios físicos, tecnológicos, comunicativos y cognitivos.

4. Un maior acceso á educación inclusiva, ao emprego e á protección social, elementos fundamentais para cimentar a autonomía.

4. Un mayor acceso a la educación inclusiva, al empleo y a la protección social, elementos fundamentales para cimentar la autonomía.

5. O recoñecemento do dereito a vivir de forma independente e a ser incluído e incluída na comunidade, fortalecendo modelos baseados en apoios personalizados e procesos graduais de desinstitucionalización, para o que resulta imprescindible contar con recursos

5. El reconocimiento del derecho a vivir de forma independiente y a ser incluido e incluida en la comunidad, fortaleciendo modelos basados en apoyos personalizados y procesos graduales de desinstitucionalización, para lo cual resulta imprescindible contar con recursos

efectivos que promocionen a autonomía e con canles de participación na toma de decisións.

efectivos que promocionen autonomía y con canales de participación en la toma de decisiones.

6. Un aumento na toma de conciencia social, que contribuíu a modificar percepcións, varrer prexuízos e a recoñecer o valor da diversidade humana.

6. Un aumento en la toma de conciencia social, que contribuyó a modificar percepciones, barrer perjuicios y a reconocer el valor de la diversidad humana.

Estes logros foron posibles grazas á acción conxunta de institucións públicas, organismos internacionais, sociedade civil organizada e, moi particularmente, do movemento asociativo da discapacidade.

Estos logros fueron posibles gracias a la acción conjunta de instituciones públicas, organismos internacionales, sociedad civil organizada y, muy particularmente, del movimiento asociativo de la discapacidad.

Tamén as empresas, como actores sociais esenciais, tiveron un papel decisivo á hora de facer efectivos os dereitos da Convención mediante contornas laborais, bens e servizos accesibles.

También las empresas, como actores sociales esenciales, tuvieron un papel decisivo a la hora de hacer efectivos los derechos de la Convención mediante entornos laborales, bienes y servicios accesibles.

A súa implicación foi igualmente clave para avanzar nunha responsabilidade compartida que sitúa a inclusión e os dereitos humanos no centro da súa actividade.

Su implicación fue igualmente clave para avanzar en una responsabilidad compartida que sitúa la inclusión y los derechos humanos en el centro de su actividad.

En España, a Convención serviu de marco para catapultar reformas legais e políticas públicas orientadas a garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación das persoas con discapacidade. O movemento representado polo CERMI desempeñou un papel crucial na promoción, defensa e vixilancia da súa aplicación a través do recoñecemento do seu papel como mecanismo independente de seguimento desde o ano 2011.

En España, la Convención sirvió de marco para catapultar reformas legales y políticas públicas orientadas a garantizar la igualdad de derechos y la no discriminación de las personas con discapacidad. El movimiento representado por el CERMI desempeñó un papel crucial en la promoción, defensa y vigilancia de su aplicación a través del reconocimiento de su papel como mecanismo independiente de seguimiento desde el año 2011.

A incorporación do enfoque de dereitos humanos en ámbitos como a capacidade xurídica, a accesibilidade, a educación inclusiva, a igualdade de xénero, a protección social ou a participación política supuxo avances substanciais cara

La incorporación del enfoque de derechos humanos en ámbitos como la capacidad jurídica, la accesibilidad, la educación inclusiva, la igualdad de género, la protección social o la participación política supuso avances sustanciales hacia

unha sociedade máis xusta e inclusiva.

O camiño continúa, porque a pesar dos progresos alcanzados, o pleno cumprimento da Convención segue sendo un desafío. Persisten barreiras visibles e invisibles, desigualdades e situacións de discriminación, xeradas en ocasións polo estigma que impide que as persoas con discapacidade poidan exercer os seus dereitos e ser incluídas nos procesos de toma de decisións en igualdade de condicións.

Esta situación require manter e reforzar o compromiso colectivo. Este vixésimo aniversario debe ser, por tanto, non só unha celebración, senón tamén unha renovación do impulso transformador que inspirou a Convención. Desde o CERMI e a FEMP reafirmamos a nosa determinación de seguir traballando para que os principios da Convención se traduzan en feitos da vida cotiá de todas as persoas con discapacidade.

Porque unha sociedade verdadeiramente democrática só o é cando garante a dignidade, a igualdade e a inclusión de todas as persoas. A Convención segue sendo unha guía, unha conquista colectiva e unha promesa de futuro".

una sociedad más justa y inclusiva.

El camino continúa, porque a pesar de los progresos alcanzados, el pleno cumplimiento de la Convención sigue siendo un desafío. Persisten barreras visibles e invisibles, desigualdades y situaciones de discriminación, generadas en ocasiones por el estigma que impide que las personas con discapacidad puedan ejercer sus derechos y ser incluidas en los procesos de toma de decisiones en igualdad de condiciones.

Esta situación requiere mantener y reforzar el compromiso colectivo. Este vigésimo aniversario debe ser, por tanto, no solo una celebración, sino también una renovación del impulso transformador que inspiró la Convención. Desde el CERMI y la FEMP reafirmamos nuestra determinación de seguir trabajando para que los principios de la Convención se traduzcan en hechos de la vida cotidiana de todas las personas con discapacidad.

Porque una sociedad verdaderamente democrática solo lo es cuando garantiza la dignidad, la igualdad y la inclusión de todas las personas. La Convención sigue siendo una guía, una conquista colectiva y una promesa de futuro".